

O día do Sant-Iago O Día de Galicia

Este ano, verdadeiro ano santo porque n'él conquiren o povo español a súa liberdade, débese celebrar o aniversario do noso Sant-Iago d'unha maneira especial, xa que despois de tantos anos de loita en pró d'un recoñecemento da persoalidade da nosa terra, apareceu un día o seu oso alumado pra que se poidera leer a verba das nosas arelas: federalismo.

Esta é a verba que nós os galeguistas contribuímos a santificar cos nosos esforzos, i-esta idea o redor da que se xuntaron todas as forzas izquerdistas da España pra tragner a república concíbense contando con Galicia que mandou un representante o actual Ministro da Marina--a San Sebastián pra que pactara cos demais líderes do republicanismo a forma de goberno que nos había de rexir.

Baixo este suposto erguéu Galicia o seu corpo e coa vista mirando ó fronte asistiu o 4 do pasado mes de Junio a Cruña pra estruturar a súa lei constitucional, día inmortal onde Galicia enteira por medio do seus representantes veciños da terra e de fora d'ela fixo un xalarde de entusiasta patriotismo que ficará marcado nos anales da súa hestoria.

O día 25 d'este mes celébrase todos os anos a festa do noso patrón Sant-Iago como día memorable de Galicia; ¿Non se debe celebrar este ano d'unha maneira especial? Si, debemos solemnizalo mais que nunca por dúas razóns: unha por festexar o noso patrón no ano do triunfo; e outra porque é necesario mais que nunca elevar o espírito dos galegos para que sigan adiante na labourea comenzada.

Foi enorme o triunfo da república en España, pero pra que se confirme é necesario que se cumpla o compromiso baixo o que tamén loitamos os galeguistas; e como as debilidades dos homes poden facer presa nos futuros lexisladores e gobernantes da España, é necesario que Galicia pola súa parte os manteña en pé.

Por todo isto eu quixera--e supoño se fará--que este ano nos xuntáramos non solamente os Irmáns da Fala e demais entidades galeguistas, sinón a maior representación da nosa terra sin faltar os representantes de Galicia ante as Cortes Constituentes españolas.

LUIS CORTIÑAS

Compre pensar nos aitos que este ano temos de efetur os nacionalistas para conmemorar axeitadamente a data da nosa festa nacional. Colleenos iste ano o 25 de Sant-Iago n'esta anceio vigoroso de arrecadar a autonomía galega. Na data da nosa festa as Corte Constituintes acharanse reunidas e delas sairá ou a nosa liberdade ou o proseguimento da nosa sumisión ao centralismo. Son días de vibración e de porvir.

As Irmandades e os grupos galeguistas da Terra deben pensar no que compre realizar iste ano. Polo de pronto é necesario que a nosa bandeira acade unha extensa expansión sendo pendurada en todas partes para o que necesítase que en cada vila galega fáganse bandeiras que os particulares poidan adeguir e poñer nas súas fenestras.

Compre ademais o espallamento de folletos de propaganda e que se realicen todos cantos aitos, conferencias e mítins, poidamos.

"A NOSA TERRA" publicará como sempre un número extraordinario. Rogamos aos nosos irmáns de toda Galicia que con tempo d'abondo enviennos traballos para realzar a importancia do noso extraordinario.

Santiago Rusiñol

Galicia non pode mostrarse indiferente ante a morte d'este eximio artista e escritor catalán, gloria da literatura da irmá Cataluña. Unha perda considerabel que produxo en nós fonda emoción.

Choramos a desaparición do glorioso artista e acompañamos a Cataluña na súa dôr profunda.

Follas novas

Album Nos de Castela

Aquela maravillosa colección d'estampas que o egregio Castela dera a conecer vai para dez anos en todos os pobos grandes de Galicia e outros da Hespaña ante o asombro e admiración de todo o mundo acaba de ser imprentado e posto á venda. Unha efemérides gloriosa da historia da literatura e da arte galegas. A casa "Hanser y Moret" de Madrid.

por iniciativa de varios amigos do gran artista encargouse da súa impresión facendo unha obra dina de todo encomio. Algo sorprendente de técnica admirabel, que causa admiración.

As 50 láminas foron levadas á estampa con unha xusteza tal que parecen feitos a mán polo admirado e xenial dibuxante. N'este album aparece plasmada vigorosamente a obra inimitabel de Castelao. Esa obra tan profunda e tan súa que non é posíbel teña imitadores porque os xenios, e Castelao téñen categoría de tal, non se dan a cotío.

Sin hipérbole hai que decir que non é fácil atopar verbas que refrexan con xusteza a obra do artista e a dos impresores. Algo extraordinario que sómentes vendoo pódese creer. Unha obra que abonda para consagrar a un artista dino de fama universal e a un idioma que téñen de traspasar os lindeiros da súa terra pregoando a todos os ventos que en Galicia existe un xenio racial a quen abundalle para o ser o propio idioma e a súa arte maravillosa. Que se decaten d'elo os enemigos da nosa fala.

Ateigados d'unha ledicia que non ten expresión saúdamos con xúbilo e orgullo patrio a publicación do album que ninguén que se precie bón galego e namorado da arte verdadeira debe deixar de adequirir.

O seu precio de cinco pesos non é excesivo ante a magnitude da obra.

A Castelao non podemos adicarlle millores verbas que as de lle renovar o noso fondo cariño de irmáns e a obrigadas de admiración que que por él sinten cantos coñecen toda a súa laboura xenial patriótica.

"Vieiros" por Ricardo Carballo Calero

Un fermoso volume de poesías galegos que o bón poeta mozo pensador galego acaba de publicar. Modernismo, inspiración e lóxico coidado obran nos 30 poemas de que consta o libro. Carballo Calero rapaz aínda e do mais escolleito da nova xeneración gallega vai camiño de acadar nomadía nos homes galegos do provir. "Vieiros" ábrele o camiño da popularidade e do prestixio.

Edición Nós. Volume XLIV. Dúas pesetas.

"Beiramar" por Armando Cotarelo

A sona acretada do gran escritor galego conquiere un novo loureiro con este drama mariñeiro en tres actos de fonda emoción e técnica. O autor do "Trebón" e "Lubican"

aporta con "Beiramar" unha nova obra teatral que prestixia a nosa literatura escénica.

Edición "Nos". Volume XL. Seis reais.

"Contiños da Terra" por M. García Barros

Un libro de contos humorísticos que aunque como o seu mesmo autor reconece non son moi da moda literaria actual son emporiso moi necesarios na nosa literatura como medio facedeiro de acadar lectores para produción galega.

Hai n'eles gracia verdadeira e humorismo de fondo sabor racial.

Edición "Nós". Volume XLII. Tres pesetas.

"Vila de Calovo de Randin" por Florentino L. Cuevilla e Xoaquín Lourenzo.

Un profundo estudo etnográfico, prehistórico e folk lórico no que os autores demostran unha vegada mais os seus vastos coñecimentos d'estas materias. Diversas láminas e dibuxos e por todos conceptos obra de gran importancia hoxe en que os estudos encol d'este aspecto da cultura galega están de gran actualidade.

Edición do Seminario de Estudos galegos feita na imprensa Antunez de Pontevedra.

"Diccionario galego-castelan" por Leandro Carré

Pubricouse xá o segundo e derradeiro tomo d'este Diccionario como primeiro volume foi impreso no ano 28 Leandro Carré realiza con este Diccionario unha laboura meritória de outa comenencia para o desenvolvemento actual do noso idioma. Un Diccionario non compeito que tera de ser consultado. O autor merece gratitude.

Esta á venda nas librerías ao prezo de oito pesetas os dous tomos.

Alonso Ríos, Suárez Picallo e Sigüenza

Estos irmáns que na Arxentina e no Uruguay están autuando rexamente pola causa nacionalista galega chegaron anos emisarios do pensamento galeguista dos nosos paisanos emigrados n'aquelles países americanos.

Non queremos facer unha biografía política d'eles. A súa actuación en Galicia dende que se atopan con nos faina innecesaria pois eles mesmo encargáronse de a facer no aspecto da valía personal e das ideas que os inspiran. Por onde queiras que ván en propaganda colleitan a admiración e o cariño do noso pobo.

Sómentes un saúdo queren ser estas verbas. Un saúdo fraternal que exprese ao mesmo tempo o noso agradecemento por teren chegado a nós axudar na campaña de erguemento da conciencia galega n'esta hora histórica e decisiva que Galicia vive actualmente.

Que a Terra lle lo pague e que eles e nós poidamos abranguer o trunfo da Causa da redención de Galicia pola que traballamos sempre.

POLITICA BAIXA, NON

Os que desempre estivemos cos nosos corazóns en alto, poñendo áreas uns e montañas outros pra ca nosa terra fose nosa, pra ca Galiza refrexase a o Mundo inteiño un pobo de bos e xenerosos, non podemos, non queremos que se luxe a bandeira azul e branca n'as mans noxentas de catro políticos profesionais, non, eso xamais...

Ollade o panorama galego e toparedes sobre os púlpitos da lóita manadas de lagarteiros falando de galeguedade e d'un nazionalismo quenon quixeran nunca comprender e que pretenden que na hora derradeira lle sirva pra cubrir as lacras dos seus tempos da Monarquía. E eso non hirmans, eso non hay máis que crabar!

O nazionalismo nunca foy o partido de ninguén e sempre foy o partido de todos os bos galegos pero sin dono, sin amo nin xefe, porque alóita por Galiza solo pereisou do sacerdocio dos que predicaron a súa doutrina en precurade fagner patria sobre das tobéiras d'aquelles que en moitos séculos non se coidaron máis que de fagner política.

Galegos, os tempos son chegados pra nosa terra, e os nazionalistas que polo agro adiante crebaron suas sandalias de peregrinos teñen o deber de controlar as organizacións nacidas o agarimo d'esta hora, que hay máis que rarear n'elas.

FERNAN COBAS

Ó pé do Castro Lupario

IMP. VILLUENDAS.—BETANZOS

Os nosos Diputados

Na loita electoral para deputados constituintes o nacionalismo galego acadou aitas nas provincias galegas.

Pol-a Coruña: Antón Villar Ponte e Ramón Suárez Picallo. Por Ourense: Ramón Otero Pedrayo. Por Lugo: Luís Peña Novo, e por Pontevedra: Alfonso Castelao.

O nacionalismo galego non pode ocultar a súa satisfacción por este trunfo que representa feito ledicioso de que por fin Galicia terá unha dina e propia representación nas Cortes hespañolas.

Significa tamén que o pobo galego elevou os ollos aos homes do nacionalismo e conferiulles unha representación confiando en que os nosos homes son unha garantía absoluta para a defensa do preito galego que se prantexara no Palramento que fará a nova Constitución do Estado.

Esta ringleira de homes nosos podería aínda ser aumentado cos nomes de Vicente Risco, Paz Andrade e Cabanillas si a lista electoral fose realizada de xeito máis legal. Mais os votos que conquistaron os nosos irmáns son mostra elocuente de que contan con miles de cidadáns galegos que comulgan co noso credo.

Os cinco irmáns que tomarán parte nas deliberacións da Asamblea defenderán con todo calor chegando a onde sexa necesario chegar a autonomía de Galicia, a República federal e unha Constitución de amplo senso esquerdista e dina do momento actual.

Galicia pode confiar como nós confiamos, na autuación patriótica que realizarán os nosos irmáns. E pode contar que si por calquer circunstancia non lles fose posíbel acadar a autonomía voltarían axiña a Galicia a lle decir valentemente ao pobo galego as causas que determináran ese feito para pñorse ás súas ordes dispoñerse a conquistar pol-a forza o que cordialmente non se nos quixera conceder.

Agardemos a ver como se producen os feitos. Si os nosos deputados non conquiren da Hespaña o recoñecemento dos dereitos de Galicia podemos decir que ninguén podería conquistar o e diremos tamén que Galicia xa non pode entenderse con Hespaña.

O nacionalismo galego agarda tranquilo pero disposto a todo, a que remate o prazo concedido até o resultado da autuación parlamentaria. D'ese resultado depende a nosa autuación no porvir.

Sirvan estas nosas verbas de alento, que non é necesario, aos nosos irmáns nos que depositamos toda a nosa confianza, e saben eles que detrás de si hai un pobo que arela ollar en feitos o anseio da súa liberdade.

E queremos rematar facendo un chamamento aos demais deputados galegos para que se sumen ao grupo nacionalista en defensa da liberación da nosa terra. Están n'ese deber si dinamente queren chamarse representantes de Galicia.

Lembranza

"A NOSA TERRA", como todo os anos, lembra hoxe o aniversario da morte de Rosalía, a nosa santiña, e de Xohan Viqueira, o filósofo do nacionalismo galego.

Hoxe máis que nunca que Galicia vai camiño de acadar a súa liberdade as figuras esgrevias de Rosalía e Viqueira xurden potentes na súa lembranza

aureoladas pol-o triunfo próximo da santa idea que defenderon e de que nos somos fideles proseguidores.

Rogamos a todo os irmáns unha recordación para Rosalía que cantou o ideal da redención e para Viqueira que o definiu en verbos e escritos inmorrediros.

A visita dos nosos deputados a Barcelona motiva Un gran homeaxe popular de Cataluña a Galicia

Al poble de Catalunya

A nosa "dolça Lusitania", a Galicia do mar grande e do niño do Sol, das descubertas e dos camiños da pelerinaxe, acababa de recibir un dos meirandes homeaxes de irmandade.

Porque a quente Catalunya, a terra lumiosa, ensolexada, que ritma sereamente a unanimidade patriótica da súa vida civil, tivo un intre de exaltación pra a nosa Terra e vibrou toda en alaudos i-en vitores, que falagan no mais fondo o noso orgullo de pobo e asinalan craramente a roita dos nosos deberes de galegos.

Na emoción d'istes días, nós queremos fuxir de todo comentario político que subraie o senso dos homeaxes, nin a personalidade dos que mais directamente os recibiron, nin do Partido que representaban.

Porque o que tiña diante Catalunya era unha encarnación do noso pobo. Non iste, uo deputado, nin iste ou aquilo. E nós, que poñemos a por riba de todo persoalidade de todo partidismo, que poio felicitarnos de que o noso feliz nos levase a ir pra a nosa Terra tan demostracións de irmandade, e que os nosos representantes souperan diñamente as, co-a ledicia do traballo anónimo i-espranzado a labourea cotián...

Para vós, irmáns da Catalunya, o noso agradecimento e a d-unha longa comunidade esforzo de soerguer os nosos nazonaes da Hispania. e Saudel!

És evident que la instauració del nou règim nascut de les ànsies populars de llibertat ha servit per a desvetllar en els pobles oprimits pel centralisme monàrquic espanyol totes les virtuts adormides i els ha posat en peu, dale osos de recobrar llur personalitat. Els fets són encara massa recents perquè s'hagi d'esmentar amb detall, i les incidències i visicituds que estem travessant constitueixen una proba eloqüentíssima dels diversos esperits nacionals que hi havia latents en el cos d'Ibèria. Les vibracions de Catalunya no són úniques en aquest conjunt heterogeni i els catalans hem pogut constatar amb satisfacció que, paralelles a les nostres, es manifestaven d'una manera ben acusada les del País Basc i les de Galicia.

Tota la història del poble gallec, d'aquest poble exemplar amarat de poesia, està fitada de lluites per la consecució de la seva llibertat. Els llibres en parlen ja dels heroics celtes que s'oposaven primerament a la invasió romana, després a la dels jueus, més tard a la dels musulmans, a la dels gots, a les incursions dels normands i a l'opressió castellana. Alfons IV de Castella mostrà el seu poder dominador suprimint l'autonomia gallega i els Reis Catòlics imposaren forts càstigs a Galicia per no haver volgut decantar-se de llur costat. En els temps moderns, en 1814, els gallecs es sublevaren contra l'absolutisme de Ferran VII, i en 1846 contra el de Narváez, fins que la política monàrquica acabà d'adormir del tot la personalitat gallega i la convertí en quatre "provincies" més de l'Estat espanyol.

La República ha arribat per a portar-nos un règim més liberal, i almenys així creiem tenir dret a esperar-ho. No serien republicans els governants espanyols si tancaven els ulls i es tapaven les orelles per caure en idèntiques ignominies que la monarquia. Davant del bell panorama de les personalitats nacionals erectes i inconfusibles, ens sentim optimistes i volem creure que les maniobres perfidioses i subterrànies no poden prosperar. Els pobles vius sabran ocupar llur lloc d'honor quan arribi el moment, i entre aquests ens sentim joiosos de comptar-hi Galicia, el nom de la qual, sols d'evocar-lo ja ens parla d'un amor ingenu a la terra, d'un amor suau com la música d'un alborada o con els versos dels sens inconfusibles poetes.

Avui que des dels homes que representen Galicia a les Corts Constituents d'Espanya, Otero Pedrayo i Castelao, que tantes proves de fraternal afecte ens han donat en sumar-se a la defensa dels nostres drets, vénen a visitar-nos, convidem al nostre poble a retre a Galicia en llurs prones el més fervorós homenatge de simpatia, de fraternitat, d'amor de què Catalunya és capaç. Diem-llos amb la nostra aspra siceritat con el nostre cor està sadollat d'agraïment i de joia i com desitgem ensems la llibertat del poble gallec per a emprendre junts en la nostra diversitat característica la nova ruta que tants anys fa que albirem i encara no hem pogut arribar a assolir.

Tots els partits polítics catalans, presidits per la máxima representació del nostre poble, la Generalitat de Catalunya, us conviden a assistir als actes que es celebraran dimecres dia 20, per tal de testimoniar a Galicia els més alts sentiments d'afecte i admiració envers la terra de Rosalia de Castro, de Curros Enríquez i de Concepción Arenal.

Barcelona, juliol 1932.

EL COMITE EXECUTIU

RESUME DOS AITOS CELEBRADOS

A organización do homeaxe

O día 14 de xulio celebrouse unha xuntanza de forzas políticas, convocada pol-a Unió Democrática de Catalunya, pra tratar da visita a Barcelona dos deputados galeguistas. Asistiron representacións das mais esgrevias entidades catalanistas de Barcelona.

Na xuntanza quedou arranxado o pran dos homeaxes a realizar e desinado o Comité que lanzou o vibrante manifesto ao pobo catalán que reproducimos n-outro lugar d-ista páxina

A chegada

A prensa catalana anunciou con grandes tiduares, nas primeiras páxinas dos xornæes a chegada dos nosos deputados. No seu honor ergueron salutacións cheas de agarimo as mellores prumas de Cataluña. Nas verbas de benvida resoaron acentos cordiaes de lembranza a outras embaixadas de galeguismo a Cataluña. Houbo unha recordación garimosa dos vencellos históricos e da comunidade de problemas que xungue aos dous pobos, eu nha exaltación das figuras dos nosos precursores galegos, que son tamén os precursores do catalanismo.

Os deputados galeguistas chegaron de Madrid o día 20 e foron recibidos no Paseo de Colón por representantes da Generalitat, do Concello, Unió Democrática de Catalunya, Centro Autonomista de Dependents, partidos políticos, prensa, etc. etc.

Cando o tren entrou en agullas estralou unha formidabre ovación que se repitiu ao baixárense os deputados galeguistas. Os "Viva Galicia" da moitedume foron contestados por un "Viva Cataluña" e "Viva a liberdade dos pobos ibéricos" dos deputados galegos.

Os guardias abríron con traballo paso pra que os deputados poideran saír á rua de Claris. Fora, as ovacións convertíronse en apoteósicas e repetíronse diante do "Victoria Hotel" onde os deputados se hospedaron.

Hóspedes de Honor

Chegados ao hotel, o Sr. Comas, en nome do Concello e o Sr. Ventós, manifestaron aos nosos deputados que dende aquí intre eran hóspedes de honor da Generalitat. Namentras, os grupos formados na praza de Cataluña seguían acramando a Galicia e os seus representantes.

As doce da mañán, foron recollidos no seu hotel por diversas representacións acompañadas do xefe de cerimoniais da Generalitat señor Rubí, na que foron recibidos pol-o Presidente Maciá e varios conselleiros. Unha aperta simbólica, n'un intre cheo de emoción.

Despois, a visita ao Concello, o percorrido pol-os estrados cheos de arte e de lembranzas. I-en todas partes, un saúdo e unha lembranza afervorada á terra irmán.

O Xantar da Fonte del Lleó

Ao meiodia, celebróuse o banquete íntimo con que a Xeneralidade obsequiou aos seus hóspedes.

des Asistiron os señores: Maciá, pol-a Xeneralidade; Casanovas, pol-o Concello, con varios conselleiros, e as representacións dos partidos que interviñeron na organización do homeaxe. No xantar tratouse longamente da política dos dous pobos, da marcha das discusións estatutarias e de todos aqueles problemas que intresan n'iste intre decisivo aos dous países que tan fundamentais sinten o eprito nazonal d'un rexurdimento.

Visitas aos centros culturais

A serán decorreu antre visitas aos centros culturais de Barcelona. Castelao e Otero Pedrayo percorreron detidamente o Institut de Estudis Cataláns, o "Archiu Historic de la Ciutat" e outras entidades culturais e catalanistas. En todas partes recolleron mostrás de agarimo e probas do fondo intrínseco que se sinte en Catalunya pol-os estudos, pol-a cultura e pol-o porvir da nosa Terra.

No Centro de Dependentes

O anuncio do mitin no Centro Autonomista de Dependentes, (tribúa prestixiada pol-os meirandes méritos na xesta do rexurdimento de Catalunya) encheu os amprismos salóns d-unha concurrencia verdadeiramente inusitada. Moito denantes da hora, a moitedume enchía non sómentes o salón de aitos senón tamén as outras dependencias do edificio onde se colocaran altavoces pra que poidese o discurso ser ouvido dende elas.

A entrada dos deputados e os

seus acompañantes foi acollida por unha formidabre ovación. Presidiron o aito os nosos deputados os señores, Casals, pol-o Centre; Maspons Anglases, Rovira y Virgili, Vila d'Abadal, por Unió Democrática de Catalunya; Tomás y Píera, pol-o Partido Catalanista Republicán; pol-a Esquerra; Battista y Roca, por "Palestra"; Valls, Sager, Vilar, e outros.

Abríron o aito os discursos dos señores Casals y Valls, que no nome do "Centre" e da Comisión Organizadora saudaron aos nosos deputados. O segundo, dixo unhas verbas en galego, en mostra de cortesia aos recién chegados.

Discurso de Maspons

Unha ovación formidabre acolléu a presenza do ilustre xurista catalán na tribúa. Comenzou aludindo á irmandade das dúas Terras na loita pol-as súas reivindicacións e a nobreza con que nos dous pobos se teñen pranteado os problemas da renacionalización. Recordou a súa estancia en Praga e o incidente ocorrido co grupo "Palestra".

"O que queremos facer—di Maspons—é un novo Estado, unha nova organización da Iberia, unha fórmula que acolla a todas as terras por igual. Queremos rexenerar Hespaña. E sostemos que ningún Estado pode demandar o suicidio de un pobo, anque iste Estado sexa Hespaña. Non somos egoístas, pol-a contra, estamos dispostos a servir á grandeza de Hespaña como o que mais. Emporiso vos demandamos, amigos

de Galicia, que cando tornedes á vosa Terra podades dicir que eiquí, en Catalunya, se topa un pobo que vos estima e que sabe que o mañán e a victoria son nosos".

Unha longuísima ovación acolléu as deradeiras verbas.

Rovira Virgili

O historiador da evolución nazonal de Cataluña, o autor de "Os movementos nazonalistas", escomenza decindo que Catalunya ten cos representantes de Galicia a obriga d'un homeaxe pol-a súa colaboración. Fala logo das afinidades antre Galicia e Catalunya: un triángulo ao W. e un triángulo ao Leste, catro provincias artificiosas d-unha banda e catro d-outra.

"Eu coído que a duzura un pouco triste dos campos galegos ven de moit atrás, provén de ollar feitos anacos de provincia, os anacos da súa mesma carne".

Discorre ampramente sobre a difrencia antre os pobos doces e os pobos rextos antre os da península. "Contra cincuenta provincias, dí, imos erguer o ideal nazonal de Vasconia, Galicia e Catalunya".

Dí que compre establecer a alianza do mar contra da hexemonia central.

E preciso que os republicanos vellos, demasiado vellos, e republicanos novos, demasiado novos, non disfracen de monarquía a República Hespañola. Un novo país autónomo é un novo valladar as dictaduras, unha torre que fará imposible unha restauración. Os golpes ao Estatuto son golpes á República. Canto mais poden os seus artigos, mais forte brotará mañán o ideal nazonal que representan.

"Fala do concepto paternal da patria. "Terra" dise igual en vasco, en galego i-en catalán. Pra uns países terra e patria son a mesma cousa, pra outros patria soio representa o exército, a forza, anónima, o escalafón... Pra nós a patria é certamente o pasado, mais non o pasado das cousas que pasaron xa, senón o das que son eternas".

As derradeiras verbas do discurso de Rovira e Virgili foron acollidas c'unha grandísima ovación.

Doñabeitia e Suárez

O inxeniero Doñabeitia, fala en vasco, rec orda a Tripre-alianza e remata c'unhas verbas de en salutación a Cataluña pronunciadas Catalán. E ovacionadísimo.

O galego Suárez, Presidente do centro Cultural, que tan fortemente representa a nosa idea na cidade de Barceloua, fixo un admirabre discurso en galego, de presentación dos nosos deputados e de saúdo a Catalunya.

O orador rematou as súas verbas cheas de agarimo pra a terra catalana e de exaltación de Galicia antre meio d-unha formidabre ovación.

O discurso de Otero Pedrayo

Acóllese ao gran prosista galego con fortes e longuísimos aprausos.

Escomenza adicando unha sentida loubanza chea de lirismo e de emoción a Catalunya nas súas manifestacións mais características. Dí que Galicia degoira ser "ela mesma", integrada pol-a súa tradición, mais que posee tamén un fondo espírito liberal e moderno. Así os galeguistas comparten as arelas de pas, de supresión de fronteiras... das modernas mocidades. Recorda a Portugal, segregado de Galicia por un erro histórico do centralismo. E recorda tamén a Irlanda pol-a continuidade do seu espírito céltico.

Fai un breve resume dos rasgos capitais da personalidade de Galicia e unha detida comparanza cos de Catalunya.

Agradece os cataláns o homeaxe que se tributa a Galicia e remata decindo:

Cidadans de Catalunya: Fagamos

todos xuntos un esforzo pol-as xereneracións do porvir. Visca Catalunya!

Unha formidabile e reiterada ovación acolle as magníficas verbas, inzadas pol-o espírito optimista e baril que o anima sempre, i-esmaltadas pol-a esgrevia cultura do que será por sempre mestre das nosas letrás.

Castelao fecha o aito

Unha nova e longa ovación é tributada, en pé, por todol-os concurrentes, ao autor de "Cousas" e do album "Nos".

A prensa catalana non recolle o texto taquigráfico do seu discurso, senón un amprío extracto que a cativés do noso xornal nos impide reproducir. Isto danos ocasión de repetir o que dixo "La Nau".

"Moito nos doe non poder dar o texto íntegro do discurso que pronunciou o ilustre político galeguista, porque foi d-unha subrimidade tan acentuada, d-unha estruturación tan perfecta, d-unha unidade tan axustada, que malamentes pode un resumo dar idea do que foi a oración pronunciada onte no Centre de Dependentes por iste firme nazionalista".

Castelao escomenzou ofrecendo a Cataluña a admiración e o esforzo do Partido Galeguista pol-a causa catalana. "Eu, dixo, son sómentes un artista que puxo o arte o servizo da súa Terra". Cando pra salvar a Galicia cumpría coller o camiño da cultura, arredándose da política, il colleu tamén aquí viciro. E hoxe, coas novas circunstancias, tornou aos eidos da política.

Alude aos mitos célticos da esperanza e do fin histórico de Galicia. A nosa Terra ten de desatancar de novo o camiño de Europa que foi o camiño das pelerinaxes.

O Partido Galeguista non quer erguer fronteiras. Verdadeiros separatistas son os que o combaten, porque dificultan unha intelixencia con Portugal, porque queren conservar o sistema unitario e centralista, patrioteiros de todol-os desastres.

Galicia endexamais recurreu ao Estado en cemande de protección. Porque os seus brazos son fortes pra o traballo e fértiles na emigración. Mais agora que América acabou pra Galicia, nós temos de revalorizar, lentamente, a nosa Terra pra que a súa vos soe no concerto das voces nacionais da Hespana e pra que a súa cultura se emparelle coas dos outros pobos da Europa.

"Estamos ben seguros do trunfo, porque contamos con total-as fortes mocidades de Galicia. Visca Catalunya!"

A ovación que acolleu as derradeiras verbas de Castelao foi indescriptible e se reproduxo á saída do local. Os deputados galegos foron felicitados pol-os asistentes e recibiron o abrazo dos representantes de todas as entidades cataláns que se axuntaran en aito de tan forte resoancia.

Outras visitas

Os deputados adicaron o seguinte día a visitaren as coleccións de arte que encerra Barcelona. Especialmente adicaron longo tempo a

veren a orgaización do Museo da Cidadela no Parque e mais a Colección Plandiura, onde foron acompañados por distinguidas personalidades cataláns.

Despois foron obsequiados con un xantar dado no seu honor pol-a comisión orgaizadora do homeaxe, na torre de Xaime I.

Novos aitos

Ante outros aitos de resoancia que se celebraron compre resaltar o champan de honor con que os nosos deputados foron obsequiados no Círculo da Dreta Liberal Republicana de Catalunya, ofrecido pol-o Sr. Sol'a Cañizares no nome da súa orgaización e agradecido con sendos discursos pol-os nosos deputados; a cordialísima visita ao grupo "Palestra" e a visita á Unió Democrática de Catalunya.

O da U. D. C.

Os nosos deputados foron recibidos con grandes aprausos. O local estaba acugulado de público, ante o que figuraban moitas donas. Abreu o discursos Carrasco Formigueira co-as mais garimosas loubanzas pra a nosa Galicia e rematou decindo:

"Nós queremos a absoluta liberdade, a plena autonomía, compatible cos lazos que nos axuntan aos outros pobos. Queremos, si, a total, completa e absoluta liberdade pra a federación definitiva de todol-os pobos, pra a mais ampria fraternidade universal".

Otero Pedrayo fixo un dos seus mais maravillosos discursos. D-il son estes anacos:

"Chegando a esta casa sentímonos n'un ambiente tan familiar que vemos como se vai soerguendo o espírito de Galicia, que unhas veces desaparece baixo a Terra e outras xurde espréndido a manifição aos nosos ollos". Alude ao europeísmo do P. Feixoo, o único europeo do seu tempo. Remata decindo que os cataláns deben sentirse en Galicia como no seu propio fogar.

Logo ergueuse Castelao e dixo: En Galicia non temos picotas nin forcas; mais temos tamén o noso símbolo tribal, eixe das parroquias galegas: o cruceiro. Isto quer decir que nós soupemos trocar a crueldade en piedade, e o odio en amor e comprensión... Galicia ten o seu porvir espiritual en Portugal. A separación foi mortal pra os dous pobos. O río Miño é certamente a fronteira entre Hespana e Portugal, mais non separará endexamais a Portugal de Galicia. No fondo d'iste noso lusitanismo esiste soio un fondo amor á verdadeira Hespana. Pra Catalunya, mais que amor o que sentimos é envexa; porque pra chegar ao que vós tedes conquistado temos aínda moito camiño que andar. Quédanos a esperanza de ollar algún día unha Galicia ceibe e forte".

Mais aitos. A despedida

A extensión que adrede quixemos consagrar aos aitos denantes reseñados védanos agora pormenoriar cantas recepcións, obsequios, saúdos e mostras de agarimo foron adicadas aos nosos representantes, embaixadores da auténtica Galicia, nas terras catalanas. Abonde decir que en total-as entidades catalanistas, sen distingu de matices, dende

"Nosaltres Sols" e "La Falc" deica a "Lliga Regionalista" a chegada dos deputados galeguistas foi acollida con ledas mostras de entusiasmo e de adhesión. E que istas mostras tiveron un carácter de exaltación popular cando os nosos deputados abandonaron Catalunya e foron despedidos, en meio de un fervor, que ten de enchernos da mais fonda emoción, pois as xornadas catalanas do galeguismo son unha proba da comprensión que meia entre o noso espírito e o d-aquiles irmáns da Hispania auténtica, que sinten como nós o degoiro de que os pobos retornen a vivir a súa vida e sintan de novo a súa propia personalidade.

Algunhas entidades que se sumaron ao homeaxe

Partido Catalanista Republicano
Unió Democrática de Catalunya
Centre Antonomista de Dependents

La Falc
Centre Excursionista de Catalunya
Barcelona Ko Eusko Batzokia
Joventud de Esquerra Republicana
Comité dels Congrés de Nacionalitats Hispániques

Agrupació Cataláns d'America
Esquerra Republicana de Catalunya

Centres Catalanistas
Dreta Liberal Republicana de Catalunya

Centres d'Esquerra
Casals Republicans
Ateneu Regionalista Verdader

Casino de Sans
Unió Ex-Voluntaris Cataláns
Orfeo de Sans

Casal Catalá de Madrid
Penya de Ex-Combatents Federais de la 1.ª República

Foment de la Sardana
Confederació Republicana Fedral de Catalunya

Estat Catalá (Nosaltres Sols)
Esquerra Republicana
Academia de Jurisprudencia

Centro Cultural Gallego
Orfeó Gracienc
Ateneu Nacionalista Republica de la Bonavova

Casal de la Plana de Vich
Ateneu Enciclopedic Popular
Ateneus Obrers

Lliga Regionalista
Acció Catalana
Partit Radical Socialista

Palestra

A UNICA NOTA DESAGRADABLE

Non podía fallar. E, como en tantas outras ocasións, pra vergonza da nosa Terra, tiñan que ser galegos os que a disen.

O Ministro da Gobernación prohibiu que se radiasen os discursos (iqué perigosos son os nosos deputados!) e algúns xornaes da reaición española aproveitaron a ocasión pra facer invocación ao pantasma de separatismo, como se non fosen iles os que teñan a culpa de que os pequenos Grupos separatistas existan!

Razón tiña Castelao cando, ao dirixir un saúdo dende a estación do Tibidabo ao pobo de Catalunya, que os quería escoitar (única cousa que lles foi permitida); empezou decindo: "Fálovos en galego e sei que me comprendedes; outros, en troques, endexamais me entenderán".

Mais xa tiveron a resposta que merecían e non paga a pena de que lles demos mais importancia. Abonda con que queden apuntados estes "xestos".

CINQUE HERMANOS

LIBREIRÍA - PAPELEIRÍA - IMPRENTA

CANTÓN GRANDE, 21 - ESTRELLA, 37

A CRUÑA

O vergoñante deshaucio do Arquivo de Galicia

Fresca aínda a tinta do artigo de Víctor Casas no que tan atinadamente combatía a manía de capitalidade de Galicia, esprotada cazarmente por certa prensa doente de miopía espiritual, velaí que de novo nos desacouga a noticia do próximo deshaucio do Arquivo de Galicia.

E agora, que a incuria —vamos a chamarlle d-ise xeito— das autoridades cruñesas volve a tragner a actualidade o vello pleito do Arquivo galego, compie destacar a incomprendible aitude dos persoaxes da Cruña, que cando se lles ofrece unha instalación axeitada tocan a arrebatado na campaña localista, ao coñecido son da capitalidade, e, logo que consiguen o seu propósito, ou deixan apodrecer os documentos, ou deixan que o caseiro os chante na rua como si fosen trastos d-unha almoeda.

Istes frigos da galeguidade son como o can do conto: nin comen, nin deixan comer. Pra chegar a iste punto do deshaucio do Arquivo non viña a conto armar tanta alveirada cando se tratou de levar o a Santiago —que é o sitio que mellor lle acada— nin promover casi unha guerra civil pol-a posesión d-unhos documentos que en tan pouca estima teñen agora.

Matinando n-istas cousas, preguntase un, qué teima levarán os elementos directores da política e da vida cruñesa pra botar decote de perda todo o que vai en favor da Terra. Un día recraman pra si o Estatuto, pra deixal-o mais tarde esquecido entre os montóns de expedientes de espropiación; outras veces ameazan con facerse chinos senón lles dan a capitalidade, ceais pra convertila logo en "un pequeno Madrid"; agora deixan deshauciar o Arquivo despois de tanto degoirar por il. ¿Non lles parece aos patriotas da Cruña que xa teñen d'abondo con disfrolar a protección do Sr. Casares?

Un arquivo non é cousa pra ser usada por xentes escéticas i-elegantes, que presumen de espíritos fortes... O mellor é que desboten d-unha vegada da casa ises papeis vellos e os deixen pra enredo dos tolos a quen lles preocupan as cousas de Galicia.

A Cruña, que tan ben lle senta o figurín castelán, debe pór en práctica o refrán que aconsella o ter lonxe de si a-os "trastos viejos".

Ben-Cho-Shey

Un bando do Alcalde de Santiago

A tradicional costume dos galegos adical-o día de Sant-Iago á expansión e alporizamento dos racións amores pol-a Terra Nai, chegou a impór iste día, como escoleito e doado, pra ni-l celebrarmos a xurda festa anual en agasallo e louor da nosa amada Galicia.

A Corporación municipal, que teño a honore presidir, sumándose a manifestacións análogas que se farán nas meirandes cidades galegas, ten tomado o acordo —pra solemnizar o Día, de orgaizal-a Procesión Cívica, que terá de saír do Pazo Consistorial a meiodía, e se dirixirá a o Paseo da Ferradura, pra, alí, diante do Moimento de Rosalía Castro, renderlle o tributo de perdurabile admiración á inmortante cantora das inquean-zas da Terra.

E, a o tel-a satisfacción de comunicar istes acordos me tamén o encarecer, prestardes o voso co-sistístico a o devandito, que durante todo o Día, vosos balcones, e as vos escaparatés colgadas e as cores da nosa bandeira branca e azul, pra mol-o testemoio inequívoco de treita solidariedade d-ista Cidade ilustre que comoven o espírito Terra.

Agárdoo de vos, por galeguidade.

Sant-Iago, a vintecatiro de Xullo de mil novecentos trinta e do

O voso Alcalde

Raimundo López Pol

Non se honra a Galicia, botando aturuxos nin coas loubanzas sensibeleiras da "terra meiga", á emoción da gaita, etc.
Hónrase mercando libros galegos i-espallando a nosa cultura e a nosa lingua.
Quen non sexa capaz de diñificar a nosa Terra, por moitas probas que queira aducir, será un mal galego.

GALICIA I CATALUNYA

Galicia, melangfosa, besada per l'Atlantic la nostra Catalunya vora el Mediterrá; per damunt de Castella, ampla i deserta, allarguen els braços i estrenyen la mà.

Avui hem sentit l'escalf de l'encaixada més fort que mai. Galicia s'ha acostat. La seva dolça parla s'ha fet entenedora i ha resonat autèntica al cor de la ciutat.

Per ço mirant al cel transparent de la Iberia, l'encaix d'aquests dos braços freturant un destí, es projecta en la terra com ombra de misteri, i-en l'horitzó dibuixen un Arc de San Martí.

A. Martí Montoya

Banco Pastor

Antes Sobrinos de José Pastor
Casa fundada no 1776

Capital suscrito. Ptas. 17.000.000
Id. desembolsado. " 11.000.000
Fondo de Reserva. " 6.000.000
Id. id. pra fluctuación de Valores. " 6.497.028'38

CASA CENTRAL: NA CRUA
SUCURSAES

Vigo, Lugo, Viveiro Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxia, Carballo, Mondoñedo, Pontevedra, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póboa do Caramiñal, Rivadavia, Noya, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa, Petín, Vimianzo, Ponteceras, Chantada, Ourense, Cedeira e Ordes

CONTAS CORRENTES CON LIBRETOS

Abonando os seguintes intreses:

A vista. 2 1/2 %
A tres meses. 3 %
A seis meses. 3 1/2 %
A un ano. 4 %

CAIXA DE AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % a o ano

CONTA CORRENTES EN MOEDA EXTRANXERA

Intreses a convir

Ven-la de xiros sobre todo o mundo, especialmente Am

O senso da patria

Nos, os galegos non temos a i-alma atuada por ningunha rutina patrioteira; pero temos un sentimento natural e humano da Patria, e para nos a Patria, e a Terra que nos deu o ser.

A Patria é a Terra farturen-ta que nos dá o pan e o viño, que sostén os nosos fogares, que cria frores nos campos para regalia dos ollos, e albres para que canten os paxaros.

A patria é a Terra maceirada de tanto parir, que nos dou a vida que nos mantén e que nos recolle-rá na morte como semente de no-as criaturas.

A Patria é a Terra fecunda, donde xerminan os egados da tra-dición que nos dará continuidade na historia, o corpo incorruptible donde encarnou a i-alma atomen-tada da raza.

A Patria é a Terra creadora, fonte da gran forza da vida.

A Patria é o rechouchío dos pa-xaros, o canturreo dos grilos, o murmuro das xugas e o zocar do vento.

A Patria é a sombra fresca dos castiñeiros no vran e a quentura garimosa do fogar no inverno.

A Patria é a inqueda da sementeiras e a ledicia das collei-tas.

A Patria é o fungar do vento nas ponlas secas dos carballos e o esborrafar das ondas do mar nos cons da ribeira; a cántiga mistei-rosa dos piñeiros e o runxido do mar no sareales.

A Patria é o arco da vella, o luar e a noite estrelecida.

A Patria é o sentimento que nos fai fillos da Terra para recibir o seu zume criador de lirismos. Por iso entristecemos no outono, cho-ramos no inverno, sorrimos na primaveira e rimos no vran. Por-

que estamos feitos a semellanza da Terra: a nosa carne é terra, os nosos hosos pedra, e o sangue son os ríos e os regatos.

A Patria é a Terra nai, a Deu-sa perdurable e xenerosa, porque como di Pascal, primeiro nos can-saremos nos de pedirles que ela de darnos.

Esta é a Patria verdadeira, a Patria única que hoxe festexamos. Eu non sei de mais Patria, e o galego que non a sinta é un home moralmente imperfecto.

No tempo de Rosalía, a Patria era un sentimento en continua sau-dade, unha tristura crepuscular, o planto por unha ilusión morta, a espranza entristecida de tanto esperar. Galiza era unha i-alma en pena que vagaba pol-o inferno frío dos camiños, enchendo de sa-loncos as notes xiadas do inverno; era a negra sombra desterrada. A nosa i-alma, com'a dos xudeos, agardaba o miragre da resorru-ición, para reencarnar n'un copo-sán e robusto, para renasce e vi-vi baixo a lus do sol.

Pero a saudade dos tempos de Rosalía queimouse na fogueira dos nosos entusiasmos, e xa non cho-ramos o pasado; cantamos o por-vir porque a i-alma da Raza re-encarnou na Terra e a nosa Pa-tria recobrou a sua personalida-de, e quer esteriorizala en forma de Estado. Pero non par afechar-se en fronteiras, sinon para desa-trancar o camiño de Europa, aquel camiño branco de estrelas que unía a Galiza o resto do mundo civilizado, no tempo lonxanto dos Cancioeiros e do Pórtico da Groria, cando nós non eramos mais que galegos.

¡Cando non eramos mais que galegos!

CASTELAO.

Loitemos pois, de cotío, sin repouso, c-o maor adicamento, pra er-guel-a concencia cívica do noso pobo, levando por guieiro a tócha lumi-nosa da sabedencia; o xeito dos nosos proxenitares, que facían foguei-ras nos montes virxes, pra espantar ós lobos, que rondaban ós seus eidos, e puñan en peligro as suas vidas.

OS DOUS DE SEMPRE

por Castelao. Santiago,
NÓS, 1934.

O libro do Castelao é unha novela, mais unha novela que tén unha especialidade. Tense dito já que a arte literaria do Castelao é o conto, mais un conto que non é conto, senón cada conto, unha novela comprimida, unha novela n-unha páxina, unha páxina breve, intensa e pungente, coma o pé d'unha caricatura. Eixemplo, o libro de *Cousas*; aínda poden ser novelas inteiras n-unha soila liña, coma nos *Cincuenta homes por dez réas*, onde cada pé, formando un todo co deseño; contén a vida inteira d'un persoage, de xeito que d'aquil persoage já non queda nada máis por dicir do que alí se dice; con catro verbas, abonda. Iste arte é maravilloso e moi raro. Poucos homes teñen un tino artístico tan agudo e certo que coma Castelao apañen a síntese n-unha soila e súpeta ollada; é iste o don que máis escasamente anda repartido no mundo. Mail o genio do Castelao é así.

Pois *Os dous de sempre* está concebida i executada de tal xeito, que cada un dos seus capídoos, arredado dos demáis, poidera constituir unha d'esas novelas breves, independente. E máis así e todo, forman unha riola tan encadeada e perfeita, que o libro ten unha perfecta e indestrutíbele unidade. Poucas veces ten acadado a nosa literatura unha perfeizón semellante de procedemento, d'estilo e de lingoage. O Castelao traballa demoradamente. Escribe e volve lér o qu'escribeu, corrige, reescribe, modifica, pule e cas-

tiga; coida e mima o seu estilo; refina o seu galego. Longe da espontaneidade de cadoiro d'Otero Pedrayo, que endejamáis volve mirar unha cuartilla que rematou, Castelaio sigue o preceito de Horacio «*castigare ad unguem*», coma facía Flaubert.

A novela do Castelaio é caricaturesca e tristeira, porque é fondamente human. Tén o amarguexo e o humorismo desenganado que hai no fondo de toda vida i eiquí son dúas vidas: o Pedro e máis o Rañolas, tan disgraciado o un coma o outro, somentes que o Pedro déixase ir, e o Rañolas loita, e algún tempo case trunfa, e se ao fin fracasa, é por disconformidade co que tén, naméntas qu'o outro en forza de non facer nada, consegue rematar n-unha semi-ociosidade, cando o Rañolas protesta, facendo toupar a súa propia cabeza. Son efectivamente, «os dous de sempre», e tamén se poideran chamar «os de todos lados». Dúas vidas que, s'a do Rañolas semella máis pintoresca por afora, a do outro ten se cadra igual valor novelesco, e ao fin, as dúas van levadas por un sino qu'iles non criaron. Pintorescas e tristesiras vidas, e pol-a mesma aquela, divertidas coma espeitáculo.

Castelaio escritor, reduz tamén os rasgos da descripción ao esquematismo dos seus deseños, de maneira que un persoa, un ouxeto ou un ambiente, quedan figurados en dúas verbas atinadas e suficientes, e o mesma os acontecementos. O diálogo, da máisimo naturalidade, ten o mesmo esquematismo; isto d'atopar unha expresión máxima nos ditos máis adoitados e correntes, é outro dos grandes acertos do Castelaio.

Tamén iste libro vai ilustrado con deseños do propio autor, deseños do estilo agudo da prosa en qu'o libro vai escrito. Pequenas obras de man de mestre que avalían aínda máis *Os dous de sempre*.—V. R.

OS EVANXEOS DA RISA ABSOLUTA
por Antón Villar Ponte,
Santiago, NÓS, 1934.

UNHAS veces, iste folk drama semella diáfano; outras veces, enigmático. A razón d'elo é que Villar Ponte, un dos espíritos máis amplios e comprensivos que hoxe tén Galiza, tén o espírito compartido por arelas opostas e adentro dil.

na
De
tar
cio
ven
sulu
un
Q
ta
actu
e co
mái
dran
Car
asun
esce
o do
con
soag
de H
en m
critic
ro, c
cote
iste
bele,
ment
elas
Vi
tórico
les —
cial —
s'avé
o pen
mella
ser re
así.—

O SID
R. Ca
Vol. 1
(1931-

EN to
po
lenzo.
lenzo
gueito
atorm
cada s
qué di
teol

VERBAS DE CHUMBO

Estou lonxe da Terra, en Badaxoz. Cóbreme un inmenso fanal azul. Atópome na torre árabe de «Espanta perros» e vexo dende eiquí as rúas ensarilladas da cibdade. Hai unha cigoiña lanzal no borde do seu niño e as pombas bravas chían no aire. Na lonxanía percibo Elvas, a praza portuguesa nemiga de Badaxoz. Acompañame un can vagamundo que me sigue a todas partes, un can morriñoso e triste, que me mira con ollos de namorar; un can agradecido que por unha pedra de zucre agarda por min na porta do café, para dar o paseo de todal-as tardes. Este cativo animal dame noxo e compasión, e véndo-o tan famento, tan luxado e tan manso, paréceme un símbolo.

Neste intre sinto por primeira vez a necesidade de escribir para vós, dende o desterro. Non temades aos meus arroutos sentimentaes, porque xa deixei de ser sentimental. Velahí o que hoxe se me ocorre.

* * *

Hai homes que pasan a vida predicando as escelencias dunha doutrina política ou social e sinten a ledicia de seren combatidos, porque confían na posteridade e soñan en trunfar dispois de mortos, para convertirse en estatuas de bronce e ocupar o centro dun xardín ou dunha praza; pero se a idea que predicán botase axiña raíces no sentimento popular e se, por ventura, xurdise a ocasión de vela convertida en feito hestórico, para abrir unha nova época, entón ollaríades que os mesmos sementadores da teoría collen medo e algúns son capaces de abandonar os seus postos de honor.

Eles gustan de chamar «tempos heróicos» aos do espallamento da idea, e non se decatan de que o verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anxeos en realidade, pois crear unha doutrina non é apenas outra cousa que facer solitarios filosóficos, loitar con inimigos pode ser simplemente un xogo de amor propio, e soñar con un futuro lonxano e venturoso pode ser tamén un divertimento poético.

Cando un home sabe que a realización dunha idea vai producir a felicidade do seu pobo e a salvación da súa patria, non debe recuar ante a posibilidade do trunfo, aínda que a violencia doorosa e sanguinenta do parto lle produza inqueda; porque o home que duvida no intre de realizar o ideal que predicou e non ten coraxe para manterse no seu posto de perigo, ou é un farsante ou é un coitadiño.

Un home que teña fé no ideal que predica non debe resignarse a morrer sen velo realizado. E aínda direi mais, espóndome a que se duvide das miñas convicións democráticas: Se o pobo non quixese enterarse do que lle convén e fíxese desprezo do remedio que pode salvarlo, ¿habería algún home de fé que deixase de impor ese remedio, aínda pol-a forza, se dispuxese de poder para tanto? Un home de verdadeira fé nos ideais que predica, e con coraxe para remediar as desventuras do pobo, vai cara o trunfo *cando* se poida e *como* se poida.

De todo e lícito dubidar menos de nós mesmos.

CASTELAO.

Aitividades galeguistas

As conferencias do Grupo de Ourense

O noso Grupo ourensán comenzo a serie de conferencias que no seu local celebrará este inverno seguindo o costume dos anteriores.

A primeira correu a cargo do irmán Cuevillas organizada pol-a F.M.G. «Exemplos nacionalistas» foi o título da disertación que constituiu unha fermosa e exaltada arenga nacionalista, na que examinou os movementos das nacionalidades cara a súa liberación.

Despois de fixar a nosa posición universalista no mundo mencionou os casos de Bretaña, Checoslovaquia e Irlanda para deducir que si nós aportamos o noso movemento a mesma audacia dos nacionalistas bretóns, a dos propulsores do movemento checo e a inmorrente constancia dos patriotas irlandeses, o trunfo das nosas arelas será seguro.

A disertación de Cuevillas ategida de fonda emoción galeguista e razoada con potente argumentación a prol das nosas ideas foi acollida con grandes aprausos e felicitacións.

OS NOSOS MITINS

Mañán en Mosteiro (Pontevedra) celebrarase un mitin galeguista importantísimo no que se deixarán constituídos dous grupos do Partido.

Intervirán n-él Bóveda, Castelao e Víctor Casas.

O día 30 en Bergondo (Betanzos) organizado pol-a Federación de Sociedades agrarias terá lugar un gran aito no que falarán Suárez Picallo e Vilar Ponte, o noso Conselleiro comarcal Xohán A. Suárez e un representante da Izquierda Republicana.

Con tal motivo deixarase constituída unha delegación do Partido ao fronte da que se poñerá o entusiasta irmán Xosé Alvarez Franco.

O aito de Carnota (Muros) anunciado para mañán, aprazouse para o domingo seguinte día 1.º e n-él intervirán Suárez Picallo, Alvarez Gallego, Castelao e Víctor Casas.

Véñense preparando gran cantidade de aitos nas provincias da Cruña, Pontevedra e Ourense e un extraordinario aito en Vigo.

Unha nota do Grupo de Ourense

O noso grupo ourensán publicou na prensa local a seguinte nota:

«Partido Galeguista NOTA OFICIAL

Pol-a Prensa d-esta localidade, fíxose público que D. Manuel Rivo Rodríguez, afiliado fai meses o Partido Galeguista, aceptou un posto de xestor gubernativo con carácter radical, no noso Ayuntamiento.

Como queira que as normas de conducta establecidas pol-o Partido Galeguista, repugnan a aceitación de cargos de xestores gubernativos, a Directiva do Grupo de Ourense, vese na obriga de dar de baixa nas súas listas o citado don Manuel Rivo, quen por outra parte demostrou unha duplicidade de ideais políticos moi pouco aceptables. —A Directiva.

Pol-a nosa parte somentes temos que engadir que o feito pol-o Grupo de Ourense constituíu unha proba da liña de conducta do Partido para coñecemento i-enseñanza de todos.

Prelo de LA POPULAR.—Charino Pontevedra

A NOSA PROPAGANDA

O MITIN DE VILAGARCIA

O domingo derradeiro, no local da Concha de Vilagarcia, celebrouse o mitin organizado polo Grupo local de acordo co Comité. Non poido asistir Suárez Picallo.

O local estaba ategado de público que figuraban destacadas representacións dos partidos republicáns locais, sociedades obreiras e agrarias do distrito. De Vigo, Santiago, Pontevedra, Rianxo, Bayón, etc., concorreron moitos galeguistas que fixeron o viaxe por mar e terra.

Unha gran bandeira galega cubría o palco e no salón víanse moitos carteles con programas galeguistas.

Fai a presentación en poucas palabras o irmán Luis Bouza e ocupa a tribuna.

Del Riego

Comenza facendo un saúdo ao público en nome do Partido que anda percorrendo Galicia enteira en propaganda. Di que os galeguistas temos fe en Galicia e na República. Analiza os catro puntos da Declaración de Principios do Partido facendo unha exposición de cada un d-eles. Galicia unidade política, económica, social e célula de universalidade.

Defende o uso do idioma diferencial e o espírito galego auténtico contra o imperialismo e absorción de un Estado centralista que nega a nosa liberdade. O galeguismo arela a reconstrución de Galicia para ofrendala a unha convivencia fraternal ibérica e universal. O noso espírito e a nosa cultura desenvolólidos libremente en ofrenda a Humanidade.

Combate a política de Tratados perxudiciais para a economía galega. Fala da situación dos nosos labregos e mariñeiros e a posición mimética de gran parte da mocidade copiando moldes imperialistas alleos ao noso ser. Arremete contra a guerra que é unha defensa do imperialismo para buscar saída ao seu fracaso.

Di que a República aínda non destruíu a Hespanya de Felipe II, e que namentras non se faga non poderá cumprir a súa misión.

Combate ao feixismo. Alude ao caciquismo que sigue imperando e a necesidade de erguerse varilmente para conquistar a consolidación do réxime na súa significación renovadora e a autodeterminación de Galicia.

Remata con un quente chamamento a mocidade villega, universitaria e a que vive no agro e no mar para a conquista de Galicia e da súa liberdade definitiva.

Apláudeselle fortemente.

Alexandro Bóveda

Agradece os aprausos que o acollen decindo que representan mais que unha ofrenda persoal polo desterro que sufriu con Castelao, a condenación de unha política que tal fixo e de adhesión a política de limpeza e renovación que preconiza o Partido.

Refírese a simpatía e popularidade cada día maior que está acadando o Partido Galeguista. Agradece por Galicia e tamén polo que a nosa política representa para o establecemento auténtico da República na nosa terra esas mostras de agrarismo.

Galicia desperta para lle dar a batida derradeira e forte aos seus inimigos

que o son igualmente do Réxime. Alude a política pontevedresa e lembra que aínda hai un desterrado, Varela Rendueles, imposibilitado para regresar a Pontevedra por causas coñecidas.

O galeguismo non se dobregou ante as persecucións e toda cras de armas innobres que contra él esgrimiron os inimigos. Polo contrario, esto serviu aínda mais para poñer de manifesto a nosa conducta e noso entusiasmo.

Fala do que representa o galeguismo como política nova. A traición dos vellos políticos que non se destruíron nos primeiros tempos republicáns. Galicia necesita unha política súa para se presentar con dignidade diante dos demais pobos hispánicos. Xa está en pé chea de fé no porvir.

Analiza rapidamente os orixens do movemento galeguista lembrando a obra dos poetas do século pasado, a creación das Irmandades, a asamblea de Lugo do ano 18 para chegar a este intre en que o galeguismo está plasmado en realidade concretas que son o programa do Partido Galeguista.

Destruíe certamente o tópico de «menos política y más administración».

Invoca a necesidade da xuntanza de todos para impoñer unha política de verdadeira cidadanía por medio das urnas e das prácticas democráticas en contanto coa opinión. Un programa de realidade galegas.

Alude aos erros padecidos no primeiro bienio por exceso de boa fé. Di que como ao vir a República non se trocou o sistema ficou todo como estaba e así poido ser que os caciques e os vellos políticos fíxeranse donos da situación actual. Alude, narrando varios casos, as malas artes postas en xogo polos caciques e os funcionarios para furtar a vontade popular e a xusticia. A República non desfixo o caciquismo e hai que o desfacer.

Hai que trocar o sistema dándolle autonomía a parroquia, ao Concello e a rexión. Unica maneira de facer andar a Galicia sin necesidade de ter que sempre mendigar a Madrid para calquer cousa por cativa que sexa. Expón tamén varios casos concretos.

Refírese as eleccións do ano 33 atacando a política que produxeron e aos deputados que por Galicia levaron unhas actas que son un baldón para a nosa terra e a causa dos males que, riba dos que viña padecendo, agraváronse agora cando non se crearon outros novos. A este respecto fala dos Tratados comerciais, dos camiños de ferro, das importacións de millo, da Misión Biolóxica, transportes, etc.

Refírese a capacidade de sacrificio demostrada por Galicia que xa vai sendo hora de que teña remate. A despreocupación do Estado, a situación dos nosos labregos e mariñeiros peor que a dos proletarios da cidade.

Lembra a visión distinta de Hespanya que teñen os inimigos da República e o señor Azaña a quen o seu profundo castelanismo non impide reconocer a variedade hispánica como demostrou diversas veces.

As intervencións dos deputados galeguistas na discusión do Estatuto catalán demostran que os galeguistas a pesares do apoio as aspiracións de Cataluña opuxeron os seus reparos a custión económica que quixerón revisar para que non apareza sempre Galicia perxudicada.

Analiza a política fiscal volcando sobre o público unha choiva de cifras que sinalan a inxusticia e abandono en que Galicia vive. Ataca aos agrarios casteláns que en Galicia pretenden entrar politicamente por medio d-ese partido así chamado sinalando a incongruencia e suicidio que supón colaborar así na defensa dos intereses agrarios casteláns en contra dos galegos.

Defende a autonomía con sólida argumentación e di que si estivera en vigor o Estatuto evitariáanse moitas das cousas que a Galicia lle suceden. Para demostralo lee varios artigos do Estatuto aprobado en Santiago.

Remata arremetendo duramente contra o feixismo e imperialismo chamando a todos republicáns galegos a defender a República e a autonomía de Galicia.

En varias partes do seu discurso foi interrompido con espontáneas e quentes ovacións que ao remate convertíronse n-unha prolongada e forte.

Alfonso Castelao

Salúdase con fortes aprausos. Empeza facendo unha maravillosa descripción do que para él representa a verba «irmáns» con que saúda ao público. Di que os galeguistas non serán uns novos apóstolos mais o parece xa que predicán unha nova relixión para Galicia cal é o galeguismo. Di como él quere a Galicia, patria natural dos galegos con tradición histórica a que están avencellados eternamente con raíces espirituais. Di que si ao morrer ten que voar alonxándose de Galicia prefire renunciar a eternidade para se converter en herba, pataca ou calquer produto de Galicia, debaixo de unha laxe.

En Galicia mira sempre para o chán, para a terra. En Extremadura tiña que ollar para o ceo.

En tonos grandemente humorísticos recorda un mitin celebrado en Vilagarcia na campaña electoral do ano 33 onde un orfeón ben afinado e con moita gracia interrompiu un mitin no que él interviña. Supón que estarán arrependidos os que tal fixeron, mais él agarda que o orfeón non teña desaparecido gardando a súa música para os actuaes deputados e inimigos de Galicia si intentan ir por Vilagarcia.

Alude ao Pacto do Partido co de I. R. decindo que a realidade política actual puxo de manifesto esa necesidade tanto pola precisión de dar a batalla aos inimigos da República e de Galicia como pola comprensión que dos problemas galegos inmediatos ten ese partido e o seu xefe señor Azaña. O momento esixe o camiñar xuntos na obra inmediata e urgente.

Lembra a actuación dos deputados galeguistas e galegos dos Constituintes cando o problema do ferrocarril e o Tratado co Uruguay que non se aprobou nin se paralizaron as obras como aconteceu agora. A Lei agraria na que se pediu a exersión de Galicia por considerar que lle perxudicaba e porque a nosa terra necesita unha lei especial que somentes poden facer os galegos.

Combate aos actuaes deputados que somentes se preocuparon de conquistar o restablecemento da Escola de Xordo-Mudos de Santiago seguramente pensando na posibilidade de unha celda para eles. Alude o intento de merca da Illa de Ons na que irían a vivir os amigos dos que andaban no asunto.

Di que como o delegado da autoridade impuxo certas trabas, él non sabe nin quere falar con sordina. Recorda que ao comenzo da República él simbolizou o Réxime como un arbolíño sostido con estacas de sabugueiro. Poidera suceder que secara o arbolíño e prenderan as estacas. Xa se ve que non andivo desacertado no pronóstico.

Pregunta que restablecemento das Garantías é ese que impide a libre expresión do pensamento.

Fala da democracia referíndose ao seu recente viaxe a Bélxica onde están gobernando os católicos cos socialistas e onde o señor Vandervelde, presidente da II Internacional o do partido socialista belga, enviou un mensaxe de pésame ao rei cando a morte da reíña.

Eso en Hespanya non se comprende. Como tampouco a maneira como foi resolto o preito nacionalista flamengo. E que en Bélxica impera e practícase a democracia cousa que endexamais aconteceu en Hespanya. Por eso non pode falar ningún en Hespanya con-

Máis irmáns que trunfan

O tribunal encargado de examinar a tese doctoral presentada polo irmán Sebastián González acordou atribuírlle premio extraordinario.

Iste mesmo irmán nas oposicións á cátedra de Historia da Arte na Universidade de Murcia acadou un trunfo moral. Cando se empezaron as oposicións dábase como candidato a un dos seus máis sinificados contrincantes. A actuación do irmán González García Paz foise afianzando de tal xeito ao longo dos exercicios que, cando as oposicións remataron, a pesares de haberlle correspondido desenrolar temas que non eran da súa especialidade, o tribunal, indeciso, optou por non provistar a praza.

Do mesmo rango é a actuación do irmán Parga Pondal nas oposicións á cátedra de Química Analítica da Universidade de Santiago. Tamén quedou sin provistar.

Temos a seguranza de que tanto un como outro en próximas actuacións serán profesores da Universidade galega. ¡Adiante, que ben compre!

Nos cursiños pra ingreso no Maxisterio en Pontevedra obtivo o número 2 o noso Segretario de Propaganda Xerardo Alvarez Gallego. Os seus exercicios foron de tal brillantez que ningún se esplica por que se lle quitou o número un, ganando amplia e limpiamente.

¿Cecáis por ser un galeguista sinificado? Dín que sí. Mais non importa.

Velahí para exemplo de cativos e ruins como os galeguistas saben ganarse a pulso os seus postos e trunfar n-eles.

tra a democracia xa que aquí non se coñece. Hai que impoñela con autenticidade e para eso veu a República.

Defende tamén o sistema parlamentario falseado en Hespanya eternamente. A democracia aínda en Hespanya é unha aspiración. Fai unha invocación a soberanía popular e ataca o sistema centralista-monárquico introducido na República.

Alude aos tres puntos acordados en Ourense. Autodeterminación de Galicia, republicanización e diñificación da súa vida política; Programa mínimo e urgente no que todos teñen o deber de colaborar.

Argumenta en favor da autonomía que representa a única felicidade de Galicia e posibilidade de desenrolar a súa vida.

Remata o seu discurso con verbas ategadas de optimismo a prol do porvir de Galicia e da obra que continuarán os mozos que xa están dentro do galeguismo e volcados na obra salvadora.

Castelao no discurso e ao final escoitou diversas veces os aprausos entusiastas do público.

Remate

Foi cantado o Hino Galego dándose moitos vivas a Galicia, a República e ao Partido Galeguista.

Resultou un acto formidabel de entusiasmo e galeguismo que dificilmente será esquecido en Vilagarcia.

IMPERMEABILIZANTES VATERSTOP

UNICO EFICAZ - PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE
NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento
de construcións e impermeabilización das mais importantes obras
hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAS AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e folietos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR
POL-O ENGRANDECIMENTO
D'A NOSA TERRA.

VERBAS DE CHUMBO

X I

Nos eidos da República abrollan todol-os vicios da monarquía. A poda doulles vitalidade. O caciquismo e a inxusticia inzan as terras hispánicas.

Hoxe asesinan a un rapaz (o meu primeiro amigo de Badaxoz) que por defender as reivindicacións dos traballadores, co ardimento inexperto da súa mocidade, morre a mans dunha cria do caciquismo reverdecido.

Onte intervén a Delegación do Traballo para evitar que os ricos terratenentes negocien coa fame dos campesiños, pois xa se estaban pagando xornales de tres pesetas a homes que non atopan ocupación máis que nos cincuenta días da sega. ¡Trinta pesos para todo o ano!

¿Qué é isto? ¿Onde teñen a concencia eses homes qué andaban a falar de sentimentos feridos? ¿Qué fan os verdadeiros cristiáns para coutar as ambicións dos poderosos?

Eu creo que ningún galeguista por arredado que se atope de nós, concordará coas forzas reacionarias que campan agora por Hespaña adiante. Creo que ningún galeguista pode sentir a necesidade dunha caracterización dereitista nestes intreos de guerra incivil.

E no correo de hoxe recibo un manifesto político, arranxado con enxeñosos artificios de lingoaxe, para disculpar unha posición ilexítima dentro do noso campo. Trátase nada menos que de crear unha «Dereita galeguista» lazando a irmandade dos «bós e xenerosos» cando máis rexa debe ser a súa compenetración.

Pois ben; quero que seipan os firmantes do manifesto, e todos cantos acudan á súa chamada, que eu, galeguista nato, opoñereime a calquera entendimento político con eles, porque non creo na forza dos seus sentimentos patrióticos nin estou disposto a deixarme convencer con adoas de vidro.

• • •

Quixera compor eiquí longas parrafadas para demostrar que os escrúpos de carácter social e relixioso que agora sinten os chamados «galeguistas de dereita» xurdiron despois do desastre electoral e por influencias exteriores. Quixera demostrar como a fuxida de algúns galeguistas obedece máis que a diferencias políticas a comodidades persoais. Quixera demostrar que a teima secesionista foi provocada pol-a fervenza reacionaria que baixou da meseta castelán. Quixera demostrar que os galeguistas que se arredan de nós coa intención de amingoar a nosa forza poñen a Galiza por debaixo de outros intreos, que nin tansiquera son espirituais. Quixera demostrar que un galeguista verdadeiramente cristián non ten porqué arredarse do noso partido, nin para salvar a nosa Terra nin para salvar a súa alma. Quixera demostrar que esas «coincidencias fundamentaes de orde ideolóxico», que eles invocan para un entendimento político, son xustamente as que nos arredarán sempre.

Eu podería demostrar todo eso con tanta lóxica como a que empregan os «galeguistas de dereita» no seu enxeñoso manifesto; pero con máis emoción e menos artificio. Non-o fago porque aínda non se consumou a fazaña.

De todos xeitos abonda co dito para que ninguén crea que se trata de unha iñorma de táctica política para ensanchar a base do galeguismo pol-os dous extremos. Non; a política do galeguismo correspóndelle enteiramente ao noso Partido, a non ser que xurdise outro máis avanzado no senso nacionalista e con opinión dabondo para facerse respetar. Non nego a necesidade dunha escisión do Partido Galeguista na hora en que a nosa Terra conquira os seus anxeos mínimos de liberdade; pero nego a comenencia de facelo agora, e aínda que o galeguismo acordase neste intre formar dúas forzas de siño contrario, sempre contaríamos con homes máis firmes para erguer bandeiras e facer chamadas.

CASTELAO.

Lembranza de Antón Vilar Ponte

¡DEICA LOGO!

Agora, xa pra sempre na Terra; serás terra da nosa Terra, terra galega todo corazón.

A. I. ALVARINO.

Na serán do 4 de marzo de 1936 levamos á terra o cadavre de Antón Vilar Ponte: a fror e o froito que quixo ser semente. A terra douno e a terra levouno. Que a terra nol-o devolva!

Agora o noso irmán xa é terra da Terra, como Porteiro, Viqueira e Lousada; como Amado Carballo e Manoel-Antonio. A terra é amorosa e dá unha espiga por cada grao. A sementeira non pode perderse e as entranas da terra devolverán os nosos mortos á luz da Terra. Nacerán novas criaturas condenadas a morte, para seren tamén semente. E cada vez máis e cada vez mellor.

¿A Patria necesita tradicións para ter continuidade na Historia? Pois logo a terra necesita mortos gloriosos para ser unha Terra, e os soños destes homes son o núcleo xerminal cando morren e se trocan en semente. Antón Vilar Ponte renacerá en frores e froitos da Galicia que él maxinou.

Na serán do 4 de marzo de 1936 levamos o corpo de Antón Vilar Ponte ao cimiterio da Cruña, para deixalo na compañía de Curros, Pondal e Murguía. Acompañounos unha moitedume, en silencio doboroso. Uns choraban ao gran periodista, outros ao gran republicán, outros ao gran galego e outros ao deputado popular. E todos choraban ao home que con máis diñidade soupo levar a súa pobreza.

¿E nós? Nós levábamnos á terra-naí unha ofrenda sagrada: o corpo dun fundador. Nós asistíamos ao enterro de vinte anos da nosa vida. Nós éramos pantasma enloitados, detrás dun ataúde cheo de soños. Nós camiñábamnos, en silencio, a cavilar no segredo da morte e no senso do porvir. Eramos os testamentarios lexítimos dun gran patriota. Eramos a vida detrás da morte e con máis vidas detrás de nós. Eramos a renascencia detrás da loita e diante da victoria. Eramos «os bós e xenerosos».

Na serán do 4 de marzo de 1936 vin desaparecer para sempre a Antón Vilar Ponte, e naquel intre revivin os anos da miña mocidade.

Cando eu me consideraba o derradeiro supervivente dun pobo suicida, chegou a min a voz alentadora dun escritor. Era Antón Vilar Ponte. A súa chamada tivo a virtude de xuntar a uns poucos galegos que non-os oñeciamos, pero que dende entón ficamos unidos por vencellos que somentes a morte vai rompendo... Vinte anos arreo durou a nosa amizade fraternal. Non houbo segredos nin ilusións que non-os comunicáramos, e as súas desventuras magoáronme tanto como as miñas doores o feriron a él. Eramos verdadeiros irmáns.

Eu sei que Antón Vilar Ponte revivirá no peito dos galeguistas mozos; pero eu non asistín ao enterro dun símbolo. Eu sei que non volverei a velo, que non me volverá a falar, que xa non me escribirá máis. E cando vin que desaparecía o meu vello compañeiro de loitas non puđen reprimir esta despedida:

¡Deica logo, irmán!

CASTELAO.

Expresión da nosa lembranza emocionada

Lémbrome que cando pubriquei os meus primeiros artigos n-un xornal galego recibín aos poucos días o alento e o estímulo d-unhas garimosas verbas de púbrica e inmerescida gabanza procedentes da pluma do mestre do xornalismo e da galeguidade, Antón Vilar Ponte. Nunca esquecin o que significou iste eloxio para un modesto principiante, e xurde agora a lembranza con nova intensidade na hora da morte do que era entón o mestre máis que o amigo, aínda que co tempo a amizade habríade superado todo outro sentimento.

Ista xenerosidade desinteresada era típica de Antón Vilar Ponte. En examais ollou en ninguén, como o fan outros, o posíble rival, senon o compañeiro na laboureira da difinición de Galicia, a quen era preciso alentar e axudar. Ninguén o superou n-ista xenerosidade en todol-os aspectos da vida. Cantos estiveron en contacto co-él recibiron algún favor. El, que endexamais pediu nada para sí, nin cando máis o precisaba, nunca se negou e serviu a quen solicitase a súa axuda...

Antón Vilar Ponte vivirá na historia da nova Galicia que está nascendo como un dos principais creadores da patria, apóstolo da galeguidade. Galicia ten moitos defectos, máis cábelles ao menos a honra de non esquecer aos que adicaron a súa vida a servila, sin pedir ningún premio material aos seus servizos. Ista inmortalidade non depende da nosa gabanza senon de que o home está incorporado para sempre ao espírito da Terra.

Máis, namentras viva o derradeiro

dos que coñeceron a Antón Vilar Ponte, ista fama da figura nacional de Galicia estará superada pol-a emoción da lembranza do amigo. Ista emoción que atopou expresión na comovedora, e certamente poucas veces igualada, devoción dos que rodeaban o seu leito de morte, perdida xa toda esperanza, e que levou a unha cidade enteira a acompañar o seu corpo deica o seu lugar de repouso.

E triste pensar que hai fondas emocións que van morrer cando deixe de vivir o derradeiro entre os que as sintiron. Fainos desesperar a imposibilidade de traducir en verbas escritas toda a súa intensidade exquisita. ¿Mais non sería posíble conservar n-un libro algo do que significou Antón Vilar Ponte para os seus contemporáneos, un pouco da esencia vital do home, ademais dos feitos materiais da súa existencia e da súa laboureira na vida pública de Galicia? Un libro que sería un exemplo para os homes do porvir. Un libro que non podería ser obra d-un só home, xa que tantos foron os que recolleron o tesouro de amizade e de nobre inspiración que espellou entre nós, sin sombra de avaricia, o querido amigo a cuia persoa, por desgracia, xa nada podemos ofrecer.

E teríamos así pol-o menos o consolo de sentir que restituíamos unha pequena parte d-iste tesouro. Consolo ben preciso cando pensamos que na morte de Antón Vilar Ponte se xuntan todol-os elementos que mais poden intensificar a nosa dor, o noso senso d-unha traxedia sin remedio. O amigo querido, perdido para sem-

pre; o heroi que cae no campo da loita sacrificando a súa vida por un ideal; o loitador que morre precisamente no intre en que ceais i-a ver o comenzo do trunfo das ideas que defendera toda a súa vida; o colaborador de inestimabel valor perdido xustamente cando máis necesaria era a súa axuda e inspiración; o home que ten que deixar a vida cando i-a poder disfrutar d-un pouco do benestar material que a súa austera integridade lle impedira conquistar máis cedo, podendo gozar somentes nos derradeiros e doborosos días da súa existencia da satisfacción de ver premiada a pureza da súa vida pública pol-o sufraxio dos cidadáns da súa terra; o pai que na súa agonía pensaba certamente con anguria, máis que nos sufrimentos físicos, na sorte dos fillos a quenes non poidera legar unha herencia material porque todo o que poseía o tiña dado en vida a esta familia de irmáns que para él era Galicia... ¿Non hai eiquí algo meresciente da lembranza e de preservación, algo que pode mover incruzo ás máis modestas e torpes plumas a atopar verbas dinas de expresar os fondos sentimentos que comoven hoxe o noso espírito?

PLÁCIDO R. CASTRO.

CAFÉ
GALICIA
Cantón Grande
A Cruña

Prelo de LA POPULAR.—Charino Pontevedra



Lembranza d-un irmán

Antón Vilar Ponte, amaba as leendas célticas co amor saudoso e alboradeiro dos circios soadores nados no circo vibranteiro de lonxanías do horizonte mariñán. Tremoroso de roteiros foi seu curto vivir queimado en puras chamas de sacrificio e por o máisonselado de arelanzas, camiñáronse de acarón de nós unha mañán de neve marzal nas cumes e agromares de cerdeiras nos hortos galegos.

Pol-o camiño da morte soante das chamadas inmorredoiras que levaron á Deirdre irlandesa ao longo rematar desincarnado onde o ensoar é realidade e as estrelas, ardentes roseiras de conquida esperanza.

Moitas veces—ténhoño dito a Ramón Vilar—apreixando nos brazos o corpiño de Antón n-istas apertas dos galeguistas sempre tinxidas pol-a malenconia da posíbel e derradeira despedida, eu sentía latexar seu corazón xeneroso como un paxáro de Armenteira de infinda armonía, desexoso de crebar a gaiola do corpo mortal. Sciña Antón sua dor con estóica elegancia requintada, e a verba entusiasta, precisa, irónica, na conversa e no traballo ceibaba acotío os froitos da rexa e inspirada paisón da Galeguidade.

Ao calar a palabra, ao cair da mán vencida a pruma sobor da derradeira coartela de Antón Vilar Ponte, fáise un silencio esconsoado nas letras galegas.

Paixón xusticieira i-erguedora dende os primeiros anos, loitando en todos os frentes de combate, sen poua nin folgo, pois cada día rajaba pra Vilar coa chamada d-un novo deber a prol da Terra, e aínda lle ficaba un recantiño no tempo xornaleiro pra labraren alma e sangue galegas pequenas obras maestras de outo simbolismo estético ou guieiros de política, de ética galeguista entramas crás de escritos destinados a viviren namentras vivan o noso idioma e o sentimento da Galeguidade.

Semella pouco piadoso trazar análise na obra d-un home que aínda fai ben poucos días alentaba entre nós. A morte ténnos acostumado a seus favores senlleiros. Ela, escolma os millores zeluta de levar á suprema transcendentalidade do alén as almas escolleitas. Na Céltica a morte é soia relativa. Sabemos, por bondade de Deus, vivir na inesquecente compañía dos que foron. Mais iste sentimento de consóo ¿pódenos toller as bágoas e o laio ao mirálos camiñar deixándonos cada día un pouco máis sós diante a xiada indiferencia do mundo? Eu, agora, soio podo decir que o pasamento de Antón tolléume pra sempre a ledicia da primadeira.

A noite e o mar faguían ao enterro de Vilar Ponte un fondo de grandeza incomparable. Alí estaba o pobo comovido e respetoso diante o misterio do pasamento do grande escritor que tiña pra il cada hora a verba, o consello, e o exemplo. Alí soou a voz dos rapaces galeguistas. Endexamais habemos esquecer aquí herro de amor comovido ao tempo protesta nena contra a ingratidade da sorte, e confianza radiosa no porvir.

Eu soio podo ter pra il, pra o irmán de pura arelanza, a oración que latexando en todos os corazóns non foi rezada pol-os absurdos trabucamentos do tempo.

R. OTERO PEDRAYO.

OREMUS

Alá vai! Outro máis. A adversidade cébase en nós, aceda, teimada, impracable. A niñada vai fican do valdeira. As vellas ponlas doutora, resexan as súas froles máis ledas. O árbre da nosa nova galeguidade xa ten as raíces ao ar, refortas, frias, húmidas, xeladas, agoñizantes.

Alá vas xa, Antón Vilar Ponte, da mán de Viqueira, de Porteiro, de Lousada Diegue, de Xurxo Lourenço, de D. Salvador Cabeza. A traxica trindade de onte, multiprícase espantosamente. Un vai ficando soio, sen agarino, sen compañía. Poucos andan vivos, dos irmáns das primeiras xerais. Un vento endiañado fóinos levando, como de súpeto, en cada revolta do rueiro.

Córrenme espantos por cada recantiño da i-alma. Quén será o próximo? En que porta baterán agora as Parcas insaziabres? E pol-o peito, salaiante de choros, e pol-os ollos, acugulados de bágoas, epol-a gorga, ardida de carpídos, pasan uns nomes: meia dúcea apenas. Entre os nomes, como so más, alá vou eu tamén, asubindo meu fado de presentimentos.

Alá vás, meu Antón Vilar Ponte; bon, xeneroso; traballadorenacougos, patriota sen medos, galego sen misturas; esperanza dos que foron, lembranza dos que teñen de ser. Cada día do ano a Patria tiña pra ti unha preocupación; cada intre do

Lembranza d-un mozo

Verbas sobor de Vilar Ponte e o que él significaba, fan falla poucas, porque no pensamento de cantos aspiramos a un mañán millor para os nosos semellantes, está impresa a tristura que a súa morte nos produciu. Foi un gran galego, galeguista e amigo dos seus amigos.

E pra quen escribe istas liñas, mestre, animador e amigo. O libro que ceicás máis me impresionou na miña vida «O Mariscal», regaloumo él e Casal alo pol-o ano 1926 sendo un meno.

Pra min Antón Vilar Ponte, non morreu nunca, porque desaprecio en corpo ficará sempre a car. n meu no espírito que deixou grabado na súa obra redentora e xenial.

XOAN A. SUAREZ.

día, Galiza tiña pra ti unha arela. Eu choro no teu recordo os plantos máis quentes do meu corazón.

E vós rapaces, que estades a facer a mellor páxina das nosas historias zugade ben a leición desta vida eisemprar, óptima, multifuncional. Veleihí un camiño. Póndevos a seguilo, co-a súa mesma fé, co-a súa mesma ledicia, co-a adicación que il tiña, e co-aquela constancia de bón traballador que non sabe repousos. Galiza, meus irmáns, precisa o noso esforzo constante, cotidián. Qué ben o grupo, o irmán morto, sinalar os camiños!

ALVARO DE LAS CASAS,

★ ★ ; ARRIBA, CORAZONS GALEGOS! ★ ★
OXE PLEBISCITASE O ESTATUTO

Votar pol-o Estatuto

E votar por Galicia; pol-a redención, pol-a liberdade, pol-os dereitos da nosa Terra, tanto tempo feridos;
E votar pol-o ben de cada un de nos;
E pedir xusticia e trato de igualdade nos mais;
E resolver os nosos problemas, curar as nosas doores, decote en inútil espera de que se mire por eles;
E abrir as portas ao sol para que ahume tamén a nosa Terra.
N-outras eleccións disputábase nomes e títulos moitos vecesados valeiros, que non comprendemos nin nos importan;
Agora, imos a erguer e a por a andar o corpo doído da nosa nai!
Galegos: votade pol-o Estatuto!

M. PORTELA VALLADARES

EN PE, GALEGOS

Cada pobo, como cada home ten o seu tempo. No devir histórico, o mesmo que na Natureza, pasan as colectividade humana pol-os mesmos estadios.

Os destínos espirituais d'os pobos, caracterizados pol-o que se chama a cultura pasan por idénticas fitas na súa roita cara o ideal, porque atravesan os seus vivos: xeración, crecemento, madureza, deica a morte, etapa derradeira de todo o vivente.

Pobos hai que non chegan a percorrer todo o camiño, namentras outros culminan a súa civilización seguindo logo pol-o declive que leve a o fin da súa cultura.

Hoxe atópase a nosa terra galega n'un estadio biolóxico e cultural, no que pode conquistar as súas velhas arelas de libre determinación, posto que, a mala do pobo de experiencia, ten unha xeración de homes capacitados en todas as actividades que se precisan para resir a súa vida con longas esperanzas de triunfo.

A carón d'esta preparación feita con aze arelante no estudo, na ciencia e no arte, xurde un fervor colectivo que é a mellor expresión da cohesión e da fé no propio esforzo.

Diante do triunfo do plebiscito deben fundirse na conciencia galega n'este intre de ledicia o rechoutar do fialto e o sentido da responsabilidade.

Imos consolidar a nosa autonomía camiñando se, reamente pra conducila a esplendorosa fructificación, levándoa deica os seus compridos desenvolvementos.

Co alre dos nosos pulmóns temos de formar o vento que puxe as velas da nosa ilusión cara o mar infinito d'un porvir glorioso, que abra, diante de nosos ollos horizontes novos.

Non como berro de loita, sinón como chamada a solidariedade: ¡En pé galegos! A nosa terra chámase a todos. Cada un no seu posto, na labouira de todos os días.

Que o final da xornada, reparando no camiño percorrido, podamos decir satisfeitos que temos cumprido o noso deber.

B. F. OSORIO TAFALL.

A nosa xeración

A autonomía de Galiza non será unha coroación dos nosos esforzos xenerosos, nin a realización dos nosos soños patrióticos, nin o resultado dos nosos anelos de liberdade, nin o triunfo das nosas predicións, nin a obra do noso entendimento, nin o froito da nosa vontade. Os galeguistas, pois, non teremos razón para amosturnos excesivamente orgullosos da obra que nos cadrou realizar, porque somos uns simples compiladores da maná imperiosa dos nosos precursores e todo canto fixemos foi por obra dos tempos en que vivimos e pol-a gracia da nosa cultura tradicional.

Pero anupemos cambiar co noso deber.

CASTELAO

¡A la obra que comienza!

Los que tripulamos esta nave de galleguidad que es EL PUEBLO GALLEGO, fletada y pilotada por el patriotismo sereno y ejemplar de Portela Valladares, poco tenemos que decir hoy.

Ahí está la voluntad del maestro, impresa día a día en el velamen de nuestras hojas, y ahí está, también, nuestra fervorosa y leal cooperación a su obra.

Hoy que entramos en la rada venturosa del puerto, la emoción apenas nos deja voz para gritar: ¡Gallegos: hoy comienza en verdad nuestro trabajo! Hoy hemos puesto la piedra fundamental en que ha de alzarse, grandiosa y magnífica, con la voluntad de todos, el **estatuto** de todos y el dolor de todos, la más bella de las regiones, que es tanto como decir la más justa y la más libre.

JULIO SIGUENZA

EL PUEBLO GALLEGO xa falou arréu. Demos a nosa Terra canto de nos podía agardar. Agora, na data groriosa en que a xesta liberatoria culmina, as voces patricias dos animadores da Ideia, loitadores e mestres, veñen a poñer n-estas páxinas o seu latexo mais fondo, a súa mais enxebre emoción. ¡Viva Galicia autónoma!



Galego

NON ABONDA FERMOSA; E PRECISO QUE A TUA TERRA SEXA TAMEN QUE SEXA LIBRE

Galicia, su derecho

LA primera ley lo dispone: crear. Queda para los espíritus tabicados el temor de que se trate de desmembraciones sacrilegas.

Para quienes proceden con elevación mental, las autonomías, que no son sino las personalidades históricas e inmortales rescatándose, demuestran la falta de éxito de las fecundaciones artificiales.

La autonomía es fruto de la República: también es el triunfo de los valores tradicionales de raza y de cultura. Una mixtura del fondo histórico y de los hechos nuevos.

El pensamiento gallego experimentará la sacudida más alta de su Historia y se proyectará en una múltiple labor creadora cuyos límites van en la más distante lejanía.

Galicia creará un Derecho, inculcándole la levedad de sus observaciones y experiencias. Se cambiará su faz. Hay que concurrir a la obra colectiva con cuanto esfuerzo y cuanto sacrificio sea necesario; con el desinterés y la abnegación que sea preciso.

Que Galicia se procure un ordenamiento jurídico propio, un tratamiento legal para su vida, es asunto que sólo justifica asistencias. Porque con ello se realiza un instinto étnico; una función anímica.

El Derecho no es como el fuego, que arde de la misma manera en unos pueblos que en otros. Cada pueblo tiene estética, ética, creencias y leyes diferentes.

Proclamemos todos los gallegos el mérito y el prestigio del establecimiento del Estatuto para que, como todo lo que es verdaderamente grande, brote de la profundidad de los sentimientos populares. Para que los vientos —que traen y llevan los gérmenes del triunfo— sean siempre propicios al signo de la nueva Galicia.

Manuel IGLESIAS CORRAL

Ante el dilema

En esta fecha memorable en que Galicia ha de reconquistar, después de varios siglos de lucha, su verdadera personalidad, a la emoción y entusiasmo que todo buen gallego ha de sentir en las horas que el Plebiscito dure, debe seguir una honda preocupación, una constante inquietud, un fervoroso deseo; el firme y decidido propósito, de que aquellas esperanzas de redención y engrandecimiento que hemos depositado en nuestra autonomía no sean una desilusión, un nuevo y doloroso desengaño, cristalicen en la práctica y sean una cierta y evidente realidad.

Portela Valladares, lo ha dicho con frase justa y certera: "Es la voluntad, el poderío de querer, quien salva a los individuos y los pueblos." Proponémoslo con fervorosa decisión, es haberlo ya conseguido: Tenemos en las gentes aquellas excelas virtudes de la raza, que son generadoras de civilidad: abnegación, espíritu de sacrificio, capacidad de trabajo, energía de carácter, compatible con la disciplina y la obediencia; tenemos en nuestros mares y en nuestra tierra, en nuestros valles y nuestras montañas, en los ríos y en las fuentes, veneros inagotables de riqueza... Sólo falta ahora buscar los hombres capaces de moldear el nuevo ciudadano gallego, y de revalorizar y abrir nuevos cauces a nuestras riquezas. Hagámoslo sin pensar en partidismos ni funallamos, mirando únicamente al interés de nuestra tierra, y Galicia será redenta.

¡Horas de grave responsabilidad se avecinan para los hombres representativos de Galicia, ante el dilema "Ser, o no ser..." Vuestra es la palabra

ARMANDO PENAMARIA

A lús virá par-a caduca Iberia dos fillos de Breogan.

PONDAL

ESTA NOITE...

Esta noite, a punto das doce, os mortos poranse en pé.

Os mortos do medullo, da Frouseira e de Paleco, os caídos en vintecinco séculos de degarros de liberdade, ergueranse n-un cramor de voces ledizosas, voces do alem que zoarán no cumo do Cebreiro, nas fontes do Sil, o longo da Ribeira Sa-gra, nos vellos mosteiros, nos pazos de lenda, en carballeiras e pinieiras, nos areais da veiramar. A punto das doce votarán os mortos.

Quen teña ollos na alma verá esta noite as sombras dos que foron esgrevios loitadores. C-os fillos de Yth andarán mesturados, n-un solo ancelo, os setenta conxogos de Xelmírez, a hoste de Pedro de Sou-tomaior, as teceadeiras de Padrón, os can-teiros do Pórtico, os labradores da terra, os marifeiros do mar e a lexión dos poetas do novecientos irmadados e-os xuglares dos cancioneiros. Do brazo de Faraldo e de Ignotus percorreren as rúas da cidade das pedras orantes molladas de lúa, a ca-misa roxa de Leonardo Sánchez Deus, o garibaldino que soupo da vitoria de Mar-sala, arredado dos artesáns e escolares en volta do xantar de Conxo.

¡Teño fé, mocidade galega, teño fonda fé en tí!

O día que Aurelio Aguilre estivo a punto de morrer afogado —jera o seu destino!— en agoas cambadexas, o mar era moito, o vento forte, o patrón estaba cego...

Tamén agora é moito o mar e o vento forte, mais ¡non lle fai! Nas túas mans está, mocidade galega, que non seian cegos os patróns!

RAMON CABANILLAS

Autonomía, fé civil

Autonomía é unha fé, un principio de pobo galego, deica agora crecente en todo, mais deservente en si mesmo. Deica agora abalada en na superación de no século, os áons poñen mentes entre os que se move o espírito do raza. Praticante dos mitos alcos e renegante a creación dos seus mitos.

Autonomía é unha fé, a primeira. A fé civil. A fé en nos, por quen somos, por como somos. Remaneco do ser galego, lemprada na quen-tura orizinal, humida do alento nativo, con acento intraducible. A fé se non é insoborna-bre non é fé. Insobornable gardadora da ver-dade en nos mesmos revelado y-encarnada.

Nin é fé a que nega. O "veneno saborosa da negação", que probara Sardinha. A fé afir-ma. Crea e non remeda. Fai e non pide. Ca-miña e non agarda. Construe, Supera. Con-sagra.

¡Crear na Galicia, galegos! Primeira afir-mación da nova fé. Na Galicia, no seu volume vital, na súa capacidade criadora, na fecun-didade do seu xenio, no servizo dos seus homes, que si Castela "face los homes et los desface", Galicia antes de os facer xa os rilla; pra fa-bricar cos seus nomes, despois de mortos, lo-gos fatuos da groria.

Crear, sen masoquismo nin choradeira. Pre-formados e non deformados pol-as mesturas arrasadoras, pol-a falsa propensión ao pranto, pol-a cobiza d-un falago ou d-una esmola; limpos, erguetos, podentes, universais.

Merecendo cando menos o que a ninguén lle debemos, o que naceu con nos, o que sota nos truzemos a-o mundo; dispostos a non des-carnos despozar, despersoalizar, desgaleguizar endozamais.

Autonomía, primeiro suposto vital, estatuto civil d-un pobo que non nasce agora; que agora renasce co-a conciencia adulta.

V. PAZ-ANDRADE

Continuidade cultural

Grande fiada de ledicia para a cultura de Ga-licia. O Estatuto avonómico abre unha zaira definitiva para este noso ser espiritual, que ature con este acontecemento histórico categoría e re-arquía de finalidade política trascendente. De mañán en diante, un pobo, recolecido como tal pola súa propia vontade, vaice por en funzón de servidume, perante unha continuidade cultural que paisou aínda por cima de séculos destrutivos e primitivamente unificadores, como a mais forte esperanza dun porvir digno para a nosa Pátria. E Galicia deudora do seu intimo ser ao espírito inmorredoiro da súa Cultura vai pagar coas súas melloras moedas esta dívida.

E cando esta noite, o oco da nosa Terra, tre-ma de esplendor polo fogo das lumaredas pecu-roras dos nosos montes, tamén se envolverán en luz de feididade suprema as almas dos loitadores que verán xa cumpridas as súas profecías.

Ti irmán Villar Ponte, o mais novo da sagra lección, verás cos teus ollos do eternidade coma se enfecha o grande Drama que convencachas fai moitos anos. A tua Galicia vive ca os intreos de plenitude polos que tanto loitastes. ¡Terra a No-va, Irmán!

RAMON MARTINEZ LOPEZ

AUTONOMIA

Vieiro cara a galeguidade

NOTA POLITICA

INACCION E VIOLENCIA

Os derradeiros acontecementos non poden pasar en silencio. Dentro e fora da nosa Terra, cobraron un volume tal que se fai ineludible o comentario.

Un e outro día, a pistola mercenaria e homicida vai deixando nas rúas regueiro de sangue e constancia do actuar tanto das xentes empuñadas nista reprobable caza do home como dos resortes da máquina gubernamental.

Atentados ao Sr. Jiménez Asúa, a Ortega y Gasset, e Largo Caballero; asesinatos de Maxistrados, e Xueces e Oficiais dos grupos armados; agresións a cotío contra obreiros e xentes diversas. Agora, a morte alevosa e resoante de dous homes máis: o Teniente Castillo e Calvo Sotelo. ¡Toda unha ringleira de feitos, coas súas represalias correspondentes, que son expoñente e sintoma d-unha situación e dun estado anormal do espírito colectivo ao que compre poñer remedio axiñal.

Non é preciso que nós gastemos verbas en condenar a violencia e o atentado persoal, por moitas que poidan ser as diferencias que das vítimas nos separen. Por doutrina, por humanidade, por espírito, temos que reprobala. Máis o que, sobre de todo, importa destacar é o sintoma.

As crases chamadas conservadoras e de orde viron con pasividade, cando non con disimulada le-

dicia o atentado, frustrado ou non, contra xentes do bando oposto. Non souperon ou non quixeron ver que podía traer dorosas consecuencias pra todos. ¿Saberán agora deducir a lección de cordura e responsabilidade que o país precisa? Confiemos en que si.

E confiemos tamén en que o Goberno seipa, d-unha vegada, proceder con toda autoridade i-enerxía. Non pode ser que un e outro día se cometan impunemente atentados. Non pode ser que a opinión vexa como os resortes da máquina gubernamental actúan con preguiza, lenidade ou ineptia. Faise preciso que o Goberno eisixa rendemento i-eficacia a todos e lealtade co réximen a todos tamén. Somentes así poderá ter a autoridade necesaria pra reazar a gran obra que a opinión republicana demanda e impoñer a todos normas de xusticia e convivencia.

Máis que ninguén intente n-iste intre cargar ao Réxime nin aos homes que o defenden as consecuencias, lamentables e lamentadas por todos, dos propios erros. Que ninguén queira xustificar n-elas unha ofensiva contra da República. Porque sendo os primeiros en condenar os alevosos atentados que motivan istas liñas, seríamos tamén dos que figurasen na vangarda do noso Pobo en defensa do Réxime que posibilitou as arelas galegas.

Estetóscopo

O señor H. que escribe en «El Sol» «Feria de Ingenuos», pretendeu facer humorismo a conta de Galicia, do Plebiscito autonómico e dos galegos. Tampouco, nós coma il, teimamos molestar a ninguén. Pero desexamos declarar ao señor H. que Galicia, o Plebiscito e os galegos son unha cousa e a súa Feira de Ingenuos e o seu humorismo son outra. Que as opinións dos que falan dun dez por cen de votantes no referéndum estatutista son opinións de maragatos, e xudeus de segunda man, cuio oficio frente ao pobo é o de irritar as antipatías e as xenreiras como garantía dos seus privilexios colonizadores. Que pra discutir encol de temas electorales no noso país, non facia falla baraxar o nome de Romero Robledo, xa que até en materia caciquil, o noso pobo amosa o feito diferencial cunha indiscutíbel superioridade mental dos nosos caciques sobre dos demais caciques hispánicos.

Gran fortuna sentirse defensores do trunfo autonómico nas furnas n-unha terra onde os seus detractores fedan a extranxeiro e a esbirro. Aura de ledicia o que se nos motexe de técnicos do pu-chelazo nista magna tarefa da liberdade galega, por quenes consagraron a aqueles mellores días das súas carreiras políticas, contra da República e contra Galicia. Máis o señor H. a pesar de todo, non está no fondo do asunto. A razón de que o Plebiscito galego—que «Romero Robledo houbera orgaizado con máis ponderado matiz»—resultase así, débese a unha razón única. Os republicanos, os demócratas e os autonomistas que teimaban facer unha nova Galicia vironse empu-lados e adormecidos pol-os caciques na súa absorvencia. E os vellos régulos, namentras que os outros durmían, flíxeronse co gobernalles. Os caciques empapados de ambicións, suplantáronnos, e flíxeron a votación por si soíños. O Plebiscito trunfou. E cando o fondo natal dos durmientes, despertou pol-a voz de ledicia da Terra, xa estaba o traballo feito.

SOLOVIO.



O Estatuto galego foi entregado ao Parlamento

O miércoles derradeiro foi feita a entrega ao Presidente das Cortes, do Estatuto galego aprobado pol-os Concellos en Nadal do ano 32 e plebiscitado o 28 de Xunio derradeiro. E este o terceiro trámite constitucional a cumprir. O Parlamento agora terá de sometelo a estudo da comisión que dictaminará pasando logo a discusión na Cámara até a súa aprobación definitiva e posta en vigor.

Fixeron a entrega do Estatuto a maior parte dos componentes do Comité Central entre os que figuraron o Presidente da Diputación cruñesa señor López Bouza; o de Lugo, señor Noya. Os de Pontevedra e Ourense imposibilitados de asistir delegaron.

Os Alcaldes das capitales e os de Santiago, Vigo, Ferrol e Viveiro.

O Segretario Xeral do Comité señor Raxoy e o señor Cuadrado.

O Segretario Xeral do noso Partido, irmán Gómez Román e un gran número de deputados entre os cales figuraban Castelao, Viana, Villaverde, Peñamaría, Fernandez de la Vega, Beade, Poza e Pampín.

A Comisión sumáronse tamén gran número de galegos residentes en Madrid e representantes de diversas entidades.

Debido aos sucesos recentes o acto de entrega foi sinxelo desistíndose de lle dar os caracteres de manifestación que en principio se tiña pensado.

Compre agardar que o Parlamento cumpre rapidamente a súa misión para que no prazo máis breve posíbel poidamos ter imprantado xa o noso Estatuto e començar a construción da nova Galicia na que todos temos postas as maiores ilusión e confianza.

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

Galicia, por diñidade e por coñecimento, debe ter unha política propia, debe ter partidos seus, non suxetos a ningunha xefatura allea ao país, a ningunha discipriña que os cohiba na defensa dos intereses espirituales e materiais da Terra.

MEDITACION NA NOSA HISTORIA

Para as mocedades galeguistas

Gottingen Xulio. Repicaban a gloria as campás de Heidelberg, a célebre vila universitaria festexando as súas bodas áureas con Minerva, cando no mundo da Patria ausente outras non menos efusivas campás cantaba arrebatadamente o día da Resurrección.

Brindando en íntimo e sentido testimoño de galeguidade as doce horas do solpor do 28 de Xunio a aqueles patriotas da pasada centuria que deron «gracia» ao xuvenil movemento galeguista e déronlle sobre todo un punxente e desesperado amor chegaron non pol-a vía do pensamento sinon pol-a do sentimento aquelas verbas de Almeida Garret cando Portugal se desencadeaba da caduca monarquía: «A Patria é Patria já; nós somos homens». Fai d-esto máis d-un carto de século.

E sin saber por qué—profundas veleidades do ensono—relacionábase as xuntas intelectuales do «Cenáculo de Lisboa», alumeado pol-a poesía, en visporas da resurrección de Portugal, con aquelas, aínda presentes, tertulias literarias e políticas da Cruña, de Santiago, de Pontevedra onde grupos de sonadores concertaban sonámbulos a realidade que hoxe aprausamos.

¡Como nos parecía nobre, pero infecundo, este xénero de loita, romántico nas persoas e nos símbolos! Aquela desordeada—pol-a emoción—pero xugosa pruma de Vilar Ponte; aquela ardente oratoria impulsiva de Suárez Picallo; aquelas sentimentais alusións de Castelao á historia; aquel xeito entusiasta de abordar os problemas económicos de Alexandro Bóveda; aquel poetizar racial de Cabanillas; ou os acesos discursos de Lugo Freire e as pregarias patrióticas das Irmandades da Fala, con tanto mitin da mocidade galeguista por unha beira.

Pol-a outra, a virtuosa labourea cultural do Seminario de Estudos Galegos co impulso intelectual da revista «Nós» e da obra editorial de Casal, o renacemento d unha poesía xuvenil, graciosa e lírica o desenrolo da Universidade e algunhas campañas da

prensa viñan a confruirl n-unha obra que preludiou este actual momento subríme da Patria.

Deica fai un par de anos, seguindo xa de antes o roteiro de unhas e outras voces e o «ouxeto» de aquel total entusiasmo, parecíanos infantil o «método» de reavivar a conciencia nacional nos galegos e de poñer novamente en marcha, sin auxilio bastardo, a nosa Historia. E vede aquí a lección que suministra ao que todo o mide pol-a vía racional, pol-o senso lóxico, este solemne instante de Galicia.

Houbo hai e haberá unha virtude, o heroísmo, e unha categoría humán, a pasión, que chegan moito máis aló que a pruma e que a espada máis aguda. Heroísmo e pasión o das nosas hostes románticas que no café ou no mitin ou adeprendendo os nomes da Terra amada, cavando as súas entranas, cabalgando n-esa Xeografía campesina e mariñeira, entusiábase, é decir endiosaban, aos seus discípulos.

Aquí onde se deprende a «xenealoxía» de tantos vocábulos, que vós, mozos galeguistas, grabáchedes e adeprendíchedes de un xeito máis humán, agora discurre a vosa amabel historia. A vosa amabel historia que é un manantial, un río menor, da sacrosanta Historia de Galicia. Ouzo decir, n-este primeiro xornal que me trae a noticia, que a nosa Patria vai dispoñer ao fin dos seus destínos e paréceme un milagre; tan súpeto é o parto, anque previsto.

Milagre de fí, de heroísmo e de austeridade. Milagre de aqueles ríos de bágoas que veñen sulcando os campos das nosas letras dende a Idade Meia. Pero ¿non é toda a nosa Historia un gran milagre? ¿Como resistiu o noso país o azote das invasións, como sobreviviu a tantos sacrificios, como non se afogou nos seus torrentes de melanconía, como pode agora cantar con voz de Primadeira, alegría de ser páxina inicial do novo despertar da raza celta, según o ideal programa de Ernesto Renán?

XESÚS NIETO PENA.

Alemania, Xulio do 1936.

DESPÓS DO PLEBISCITO

Verbas de Teixeira de Pascoaes

O gran poeta portugués Teixeira de Pascoaes acaba de pronunciar unhas garimosas verbas encol de Galicia que despóis de agradecerlle ao insigne vate reproducimos a seguido:

«Galicia é un pobo irmán do portugués ao que eu amo verdadeiramente. Posee todol-os valores necesarios para constituír unha rexión autónoma. O trunfo do Estatuto é o trunfo das súas enormes posibilidades. Porque Galicia é unha verdadeira nacionalidade; é un pobo de almas en victoria permanente. Eu saúdo na persoa do seu intérprete xenial Alfonso R. Castelao».

A Galicia autónoma pode ser un remanso de paz n-esta hora de desenfrenada tolería.